

II.-- Lugares da Comarca

A B C D E F G I L M N O P Q R S T V X Z

Abedín (Toubes, Peroxa).-- Nome de posesor. De '(villa) *Abbatini*' (Sendo *Abbatini* xenitivo de *Abbatinus*)

Abelaira, A (Castro de Beiro, Ourense).-- Palabra do galego común, variante do normativo abeleira (o arbusto que dá as abelás)

Abeleda, A (Castro de Beiro, Ourense).-- En masculino (abeledo) é un lugar poboado de abeleiras. A forma feminina pode ser unha variante local ou unha forma de expresar algún matiz, por exemplo de tamaño. Tampouco se pode descartar que sexa un topónimo "aparentemente transparente" dada a posibilidade dun árabe *al-balad*, 'a vila'.

Abeledo (Santiago da Rabeda, Taboadela).-- Abundancial de abeleira.

Abertesga (S. Xes da Peroxa, A Peroxa).-- *Aber-* é unha raíz paleoeuropea (á súa vez formada desde *ab-* 'auga') co significado de 'estuario'.⁽¹¹⁾

Abruciños (l. e p. de Amoeiro).-- Antes Ablocinos. *Ab-* é unha raíz preindoeuropea co valor de 'auga'. Para E. Bascuas ⁽¹¹⁾ é un hidrotónimo que probablemente se refira ás moitas augas do lugar.

Acevedo (Santo Estevo de Ribas de Sil).-- Lat. *aequifolium* / *acifolium* > latín vulgar *acifu* + abundancial *-etum*, "Lugar abundante en acevos"

Afonsín (Rouzós, Amoeiro).-- De '(villa) *Fonsini*' (de *Fonsinus*).

Agra (Santa María de Melias, Pereiro).-- No século X este termo tiña unha definición máis concreta que agora: Era un terreo de labradío de grande extensión e pertencente a varios propietarios. A agra é máis grande co agro.

Agrela, A (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- É un diminutivo de 'agra', agra pequena. // Tamén é unha erba coñecida por ese nome no Ribeiro. (En calquera caso é incorrecto escribir A Grela.)

Agro Maior (León, Vilamarín).-- O apelativo é derivado de *ager*, *-agri* 'campo'. O determinante establece unha dimensión en comparanza con outros agros.

Aguiar (sobrenome do l. e C. de O Pereiro de Aguiar, pola histórica "terra de Aguiar". En realidade é un corónimo).-- Aguiar é un lugar de águas.

1434, "conçello e vesíños da dita çidade posa procurar ena corte de noso señor El Rey et ante seus oydores sobre rasón da feira que se fas en terra d' **Agyar** ..." (Vida e fala dos devanceiros)

As Airas (San Pedro de Moreiras, Toén).-- Lat. *area*, 'eira de malla-lo trigo ou o centeo'. 'Aira' e 'eira' son variantes do mesmo termo.

Airoá de Beacán (Beacán, Peroxa).-- Diminutivo de *area*, *Areola* > *airoá*.

Albán (l. e p. de San Paio de Albán e p. de Santa Mariña de Albán, ambos en Coles).-- Nome de posesor latino. < *villa Albani* (de *Albanus*).

1345: "...et en **Alvan** so cadea de **San Paio d' Alvan** et en Levises que he so cadea de San Migeel de Mellees, con cassas chantados, a montes et a fontes, et con todas outras suas perteenças et derreyturas..." (Santa María de Oseira)

Albaredo, O (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- A primeira vista parece un derivado do lat. *albaris*, 'que tira a branco' + o sufixo *-etum* (colectivo). Podería referirse a un terreo que aparenta esa cor debido a algún vexetal: un tomiño, xestas, flores... // A voz **alb* / **alp* é unha raíz pertence ó indoeuropeo que significa 'altura, monte'. // ¿árabe *al-barid*, "posta de comunicacións"?

Albeiros (Trasalva, Amoeiro).-- Podería vir do latín *albarius* 'embranquecido' (que deu en galego 'albeiro', nome dos muíños que só moen trigo e tamén adxectivo que se refire á cor branca da fariña de trigo) ou de *alvarium*

'alvariza, colmear'.

A Alberguería (Cerredá, Nogueira).-- Da voz gótica *haribairgo* 'aloxamento'

O Alcouce (Moura, Nogueira).-- En galego un 'alcouce' é un rincón abrigado que forman as casas. // Por outro lado tamén se parece ó árabe *al-qasr*, 'o alcázar'.

1420: "...convén a saber, que vos aforo o lugar do **Alcouçe**, que jas sub signo de **Seoane de Moura**, o qual eu teno en foro do dito mosteiro de Santo Estevo ...", (Santo Estevo de Ribas de Sil)

Alemparte (Gual, Peroxa).-- Do sintagma latino '*ad illinc*' que significa 'ó outro lado'. Precisa que está situado a outro lado de algo que podería ser un río ou outro poboamento. ⁽⁷⁾

Alén (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense) // **Alende** (Vilarrubín, Peroxa).-- Igual que o anterior 'ó outro lado'. (Preposición latina *ad* e adverbio *illinc*)

Almorfe (A Carballeira, Nogueira).-- De *villa Elmufi*: de Hilmulfus, nome xermánico.

Alongos (l. e p. de Toén).-- E. Bascuas⁽¹¹⁾ recolle dúas citas, una de 952 ("*villa de Allonicus*") e outra de 1032 ("*vila in ripa Minei qua inquit Haloncos subtus villa de Toen*") deducindo que probablemente '*allonicus*' sexa o xentilicio dalgún pobo da antigüidade ribeirán do Miño.

Alto do Couso (l. da p. de Santa Olaia de Esgos, Esgos).-- Couso soe facer referencia a un terreo deprimido no medio das montañas. Do lat. *capsum* 'caixa' refírese a unha 'caixa orográfica'. O Alto do Couso ven sendo a parte máis alta dunha das paredes desa caixa. ⁽⁷⁾ // **Os Cousos** (Sto Estevo de Ribas de Sil, Nogueira).-- Aínda que estea en plural o sentido ven sendo o mesmo do anterior. (Ver Couselo)

Amedo (Vilarrubín, Peroxa).-- Abundancial en -edo da árbore chamada ameneiro ou amieiro. ⁽⁷⁾

O Amendo (A Touza, Taboadela).-- Variante de amieiro. ('Aliso' en castelán.) Derivado do latín *amenetu* máis unha terminación -endo.

Amido (Santiago da Peroxa, Peroxa).-- O mesmo abundancial de *amenetu*, pero desta feita en -ido.

Amoeiro (l., p. e C.).-- Antigo abundancial de 'ameneiro' ou 'amieiro'.

1444, "... escudeiro de meu señor conde de Santa Marta et seu meyrriño da casa do **Formigeyro** con as meirindades de terra d' **Amoeyro** e Palmés con o Bolo de Senda, por razón que eu bou con o dito señor conde á seu seruíjo a Castela.." (Vida e fala dos devanceiros)

Andelo (Graíces, Peroxa).-- Quizais sexa unha variante dunha forma diminutiva *amendelu*, relacionada cos ameiros.

Anduriñas (Chaodarcas, Pereiro).-- Palabra coñecida da que ignoro a súa aplicación como topónimo.

Ansariz (Armental, Peroxa).-- De *villa Ansarici*: de Ansaricus, nome xermánico.

Arbor (Sobreira, Vilamarín).-- Xenitivo do nome antroponímico latino Arborius. ⁽⁸⁾

Arcos (San Pedro de Rocas, Esgos) // **Os Arcos** (Abruciños, Amoeiro).-- Fai referencia a ese elemento construtivo, sinal de que nalgún momento houbo alí algúns deles formando parte dalgunha outra obra e que chamaban a atención.

Areal (Sta. Cruz e Ourense).-- Palabra común. De *arenale*.

Areas (Carracedo, Peroxa).-- Do lat. *arena* 'area ou areal' Terreos areosos.

Armariz (l. e p. de Nogueira de Ramuín).-- De *villa Armarice* ('de Armaricus')

Armental (p. de San Cibrao de Armental, Peroxa) // (l. da parroquia de San Salvador de Armental, tamén d'A Peroxa).-- En galego antigo 'armento' é o gando vacún, especialmente cando forma rabaño. O sufixo -al quizais indique que ese lugar ten que ver con ese tipo de gando.

Arrabaldo (l. e p., Ourense).-- Do hispano-árabe *al-rabad*, 'o suburbio'.

Arruxo (Bóveda de Amoeiro, Amoeiro).-- < lat. *arrugio* 'arroi' ⁽⁷⁾

Áspera (Noalla, San Cibrao).-- Pode vir do latín *asper*, -a, -um 'rugoso', adxectivo que referido a un terreo serve para cualificalo como áspero, irregular, abrupto, accidentado.

Astrés (l. e p. de Ourense).-- VER "**LUGARES DE CANEDO**"

1302: "Et mando ao dito moesteyro a mía sesta parte do casar d' **Astrees**, a que dizen do Outeyro, sacada ende a herdade que ei de fora de Santa Vaia de Beyro que lle tiro ende." (Vida e fala dos devanceiros)



Bacurín (Bóveda de Amoeiro, Amoeiro).-- De '*villa Vacorini*' (de Vacorinus)

Báinte (I da p. e C. de Vilamarín).-- De '*villa Valentii*': de Valentius, nome latino.

Baiuca, A (O Río, Vilamarín).-- Transparente. Taberna, bodegón, *figón*.

Baldomar (I. da p. e C. de Nogueira) // (Beacán, Peroxa).-- De *Villa Waldomari* (de Waldomarus, Baldomero). Nada que ver cun suposto 'val do mar'.

Barbadás (I., p. e C.).-- Poidera ser un xenitivo en *-anis* dun antropónimo xermánico.

1447: "...por sí et en nome de todos los outros moradores e pobradores do dito couto de Sobrado e **Barbadáas** que eran ausentes..." , (Vida e fala dos devanceiros)

Barbantes (O Río, Vilamarín).-- Relacionado coa voz precéltica **bar*, 'depresión, costa'. O sufixo *-antes* poidera referirse ó xentilicio dunha étnia antiga, concretamente neste caso duns 'habitantes da ribeira'. ⁽⁷⁾

Barbaña (Ourense cidade).-- Este nome de río contén a partícula precéltica **bar* 'depresión, costa, desnivel'. Desde logo é un hidrónimo de orixe prerromana.^{(11) (7)} Pero aparte deste uso hidronímico histórico serviu, ata hai uns anos, para denominar dous barrios da cidade situados na marxe esquerda do tal río: **Barbaña de Riba** (a actual rúa Antonio Puga, máis ou menos) e **Barbaña de Abaixo** (por Ponte Lebrona).

Barbeitas, As (Toubes, Peroxa).-- Parece transparente: terras nas que por un ou máis anos non se cultiva para que descansen. Lat. *verbactum*⁽²⁾. Claro que se aparece alguén dicindo que vén da raíz precelta *bar- / ber-* co sufixo plural latino *-eta* ("lugar de moitos montículos") non llo saberíamos contradicir.

A Barra (I. e p. de Coles) // **As Barras** (I de Carracedo, Peroxa) // **Barra de Miño** (Santo Eusebio da Peroxa, Coles) // **Barra da Cima** (Graíces, Peroxa) // **Vilar da Barra** (Ucelle, Coles).-- Barra no dicionario: banco de area no río ou no mar. 'Barra' é unha voz prerromana común a todas as linguas romances da península. Ten moitas acepcións pero tratándose de lugares achegados ó río ten que referirse a un banco de area. Pola zona transcorre, e desemboca, o río da Barra.

O lugar de **A Barra** está cerca dese río ó que lle debe o nome, e non ó revés. **Barra de Miño** está entre o río da Barra e o Miño. Neste estaría a barra. **Vilar da Barra** está a 4 Kms. do Miño e **As Barras** a uns 800 m., monte arriba, do mesmo río. **Barra da Cima**, xunto ó río Barra, a 700 m. de Barra de Miño e **Barrasusá** a 300 m. en liña recta, cara arriba, desde o río da Barra.

Barrasusá (Vilarrubín, Peroxa).-- "Barra de arriba". A segunda parte, *-susá*, é un derivado popular de *sursum* 'arriba'.

O Barral (Tamallancos, Vilamarín).-- Sitio de barro, como barreira, lamazal ou bulleiro.

Barreiros (Vilariño, Pereiro) // (Rante, San Cibrao).-- Do prerromano **barro* 'barro, lama, fango'. Pode ser o lugar (tamén chamado 'barreira') de onde se saca o barro (arxila) ou referirse ós artesáns que o traballan (os oleiros).

Barrela (Toubes, Peroxa).-- Barrela é o mesmo que barreira (de barro). Con todo eu inclínome a pensar que – visto que hai varias 'Barra' (baixío de area dun río) no contorno- esta ben podería ser un diminutivo, unha 'barra pequena'.

Barrio (Bóveda de Amoeiro, Amoeiro) // (Untes, Ourense) // (Santiago de Carracedo, Peroxa) // **O Barrio** (Saoutomaor, Taboadela) // **O Barrio** (I. da p. e C. de Vilamarín) // **Barrio da Liberdade** (I. de Alongos, Toén).-- Do árabe *Barri*, afóras. Documentado en baixo latín do s. IX como *barrium* 'lugarexo, dependencia doutra poboación máis grande'.

1372: "...Conuen a saber que vos aforo o noso casar do **Barreo** con todas suas pertencas e dereituras per uquer que vaan su signo de **Santiago de Carrazedo**, per tal pleito ...", San Vincenzo de Pombeiro.

Barrocás (Ourense cidade).-- Plural de 'barrocal', palabra do galego antigo (de orixe prerromana) co significado de penedo ou rocha redonda. ⁽⁷⁾

A Barxa (Piñor, Barbadás) // **As Barxas** (Cudeiro, Ourense).-- Barxa é unha derivación de *barsa*, palabra de orixe prerromana que podería ter o significado de 'balsa, concavidade'. Nalgúns lugares foi sinónimo de 'barca', que ten a mesma forma interior. Cabeza Quiles di que "Barxa e Barxas son topónimos asociados a cuncas ou

valgadas fluviais”. // É un topónimo moi estendido (84 en Galicia coas variantes) que aparenta ser un topónimo transparente debido á palabra homófona ‘varxa’ que segundo o dicionario é “Terreo chan e fértil situado nas marxes dun río que é frecuentemente anegado por este”.

A Barxela (A Carballeira, Nogueira) // **Barxelas** (Cudeiro, Ourense, onde se distingue de As Barxas sito na mesma parroquia e relativamente cerca.)-- Diminutivos do anterior.

A Batundeira (Velle, Ourense)-- Neste lugar na Idade Media estaba establecida a chamada, precisamente, Encomenda da Batundeira, unha especie de centro administrativo para Galicia da Orde Militar de Alcántara. Está documentada dende 1238, nunha Bula Papal. Daquelas xa tiña ese nome pero eu non son capaz de saber se o nome llo puxeron (por algunha razón) ó constituír a Encomenda ou se xa o tiña o lugar. Segundo E. Rivas ⁽¹⁴⁾ ‘batundeira’, s.f., significa “Altercado ruidoso, porfía a voces”, pero probablemente está restrinxido á zona por el estudada. Outra palabra que podería ter relación é “batear”, sinónimo de “bautizar” (do lat. *baptizare*). Tampouco non me estrañaría que fose unha palabra de formación onomatopeica e que tivese que ver con bater, tunda ou batán.

Beacán (p. da Peroxa, con 2 lugares: Airoá de Beacán e O Outeiro de Beacán).:

1468: "...no lugar do Valdemar, et en Pradusiños et en Frieyra, os que estan en o couto de **Beacan** et en terra da Peroja, para que vos o dito don Vasco, prior, et monjes et conbento façades delo todo d' oje en dia da feyta desta carta o que quisedes...", (San Vicenzo de Pombeiro)

Beiro (l. e p. de Ourense) // **O Castro de Beiro** (l. e p. de Ourense)-- O mesmo que 'veira'. **VER "LUGARES DE CANEDO"**

Beiros, Os (Santa Cruz de Arrabaldo, Ourense)-- **VER "LUGARES DE CANEDO"**

Belesar (San Miguel de Melias)-- De *villa Belesarii* (de Belesarius).— **VER "LUGARES DE CANEDO"**

Bellao, O (Cudeiro, Ourense)-- **VER "LUGARES DE CANEDO"**

Belmonte (Pazos de San Clodio, San Cibrao)-- A primeira vista parece fácil: do lat. *bellum montem*, ‘belo monte’ ou ‘monte belo’, pero faise un pouco raro. Ese ‘bel’ ben podería ser a raíz celta *bel-* coa idea de brillante ou claro. E tamén hai a posibilidade dun *mons Beleni*, ‘monte de Beleno’, deidade celta co nome relacionado, precisamente, con esa raíz.

Bemposta (Seixalbo, Ourense)-- Ben feita, ben construída, ben posta.

Bentraces (l. e p. de Barbadás).:

1457: “ena çibdade d' Ourense, ena praça do Canpo, Rodrigo de Infesta, morador en **Bentrases**, como debedor prinçipal e Pero Cho, vesião e morador ena dita çibdade, como seu fyador ... “ (Vida e fala dos devanceiros)

Berdelle (Mirallos, Peroxa)-- De *villa Bertelli*, de Bertellus, n. xerm.

Bergaza (Albán, Coles)-- Da raíz protoindoeuropea **brig* (montaña). No ámbito galego **brig-* soe dar *berg-*.

Bergueira, A (Trasalba, Amoeiro)-- Da raíz protoindoeuropea **brig* / **berg* (montaña) + sufixo latino *-arius* = ‘lugar de moitas montañas’.

Bertelo (Viñoás, Nogueira)-- De (*villa de Bertello* (*Bertellus*), n. xerm.

Besteiros (O Souto, Peroxa)-- Nun documento do mosteiro de Oseira de 1248 cítase unha propiedade sita “in terra (*Bal*)estariis”. Sitio onde vivían fabricantes de bestas⁽⁷⁾. Pero besteiro tamén pode ser o soldado armado dela ou o tratante en bestas, se ben neste último caso o ‘e’ é pechado mentres o das bestas-armas é aberto.

Biduedo (Sto. Estevo de Ribas de Sil, Nogueira)-- Da árbore ‘vido’ ou ‘bidueiro’ (céltico **betu* > lat. *betulu*) co sufixo abundancial *-edo*.

Bobadela (San Miguel de Canedo, Ourense)-- Do latín *bovatella*, ‘lugar por onde pasa a boiada [fato de bois]. É o mesmo étimo que o de Bobadilla.⁽⁶⁾

Boeiros (Sta. Marta de Moreiras, Pereiro)-- Da voz céltica **bod*, ‘auga, charco, fonte’ ⁽⁷⁾ // Tamén podería ser un derivado de **buda* (espadana) co sufixo *-ario*.⁽⁸⁾

Boimorto (l. e p. de Vilamarín)-- Non ten nada que ver cun ‘boi’ senón cun terreo pedregoso. É unha tautoloxía pois tanto ‘boi’ coma ‘mor’ significaban ‘pedra’ en distintas linguas prerromanas (quizais unha céltica e outra precéltica). A etimoloxía popular completaría o nome na forma que o coñecemos hoxe. ⁽⁷⁾

Boncomezo (Gustei, Coles)-- Transparente, ‘bo comezo’. Nome que aparenta ser asignado a posta, coma

propiciatorio. Xa aparece nun documento de 1292 do mosteiro de Oseira. ⁽⁷⁾

Borraxeira, A (Tras Hospital, Ourense).-- Pode ser unha plantación de borrajas (Borrago officinales. Cast. Borraja). Podería haber confluencia con outras familias léxicas, como a de borralla (cinza) ou a de borrén (mato que se queima despois das rozas) ⁽⁸⁾. Borraxeira é tamén unha néboa espesa e baixa.

Borraxos (Viñoás, Nogueira).-- Pode estar relacionado tanto ca planta borraja como con borrea, borrela, borrén (mato que se queima despois da roza).

Borulfe (l. da p. e C. de Vilamarín).-- De *villa Berulfi*, de Berulfus, n. xerm.

A Bouza (Vilar de Astrés, Ourense) // **Bouzas** (Boimorto, Vilamarín) // **Bouzas de Fondo** (Sta. María de Melias, Pereiro de Aguiar) // **Bouza Longa** (Mirallos, Peroxa) // **Bouzas Vedras** (O Souto, Peroxa).-- ('Bouza' é unha palabra da linguaxe común para designar un terreo inculto poboado de mato procedente dun celta **balcea*. // En canto os distintos determinantes que se usan para particularizar os nomes sinalados todos eles son tamén claros. O de '**Vedras**' responde ó adxectivo latino *vetera*, en galego antigo 'vedra' e no actual, 'vetusta, moi vella'.

Bouzachás (Velle, Ourense).-- Plural de 'bouza' co determinante de chás (Bouzas-chás) aínda que estea suprimido ese 's' interior. Púido formarse o plural despois do composto 'Bouza-chá'.

Bóveda (Bóveda de Amoeiro, Amoeiro).-- Os moitos Bóveda que hai suponse fan referencia a construcións dese tipo. Xeralmente, relixiosas. Poderían ser un soto.

A Burata (Palmés, Ourense).-- Cova real ou metafórica referíndose ó terreo.

Burgo, O (Bóveda de Amoeiro, Amoeiro e Palmés, Ourense).-- É palabra xermánica usada polos romanos para aludir a un pequeno castelo. De *burg*, 'colina fortificada'.

O Burguete (Parada de Amoeiro, Amoeiro).-- Parece un diminutivo de Burgo

Bustos (O Souto, Peroxa).-- De *bustum*, p.p. de *comburare* 'queimar'. Di P. Celdrán ⁽⁶⁾ que do celta *bust-* 'pasteiro, lugar de pastos' + o sufixo *-as* deu *bostar*, pero como, por outro lado, moitas veces os pastos se facían queimando monte este *bostar*, por influencia de *bustum*, puido dar Bustos



Cabeza de Vaca (l. compartido entre as ps. de Cabeza de Vaca - Ourense e Piñor -Barbadás).-- Supoño que o de 'Cabeza' vén de altura (lat. *Caput*, cabezo, montículo) e que o predicado, 'de Vaca', será unha evolución doutra palabra de sona parecida e que a etimoloxía popular, o non entendela, fixo concordar con 'Cabeza'. Tamén convén saber que 'vaca' é un hidrónimo procedente da raíz **wak-*. Por España adiante hai varios ríos chamados así. (Hai un apelido andaluz coincidente –con algún personaxe histórico- pero que non creo que teña nada que ver.)

A Cabalgada (Vilar de Ordelles, Esgos).-- Supoño que se referirá a algunha cabalgada (tropa de xente a cabalo ou a súa acción de cabalgar) que sería moi sonada no seu tempo, pero da que eu non teño información ningunha.

Cabanelas (Albán, Coles).-- 'Cabanela' é o mesmo que 'cabana', pero con unha connotación diminutiva ou pexorativa. Do lat. *capannelas*.

Cabo de Vila (Albán, Coles).-- Do lat. *caput villae*, 'parte alta dunha poboación'.

Cacabelos (Untes, Ourense).-- Segundo Cabeza Quiles hai 5 en Galicia. Ven do lat **caccabellus*, dim. de *caccabus*, 'ola, pucheiro' e indica fondal, depresión do terreo. Hai un Cacabelos leonés (co nome formado en galego) que, segundo as leis fonéticas leonesas ou casteláns, tería que ser Cacabillas, como efectivamente hai un máis adiante. ⁽⁷⁾

Cachaldora (Cerrede, Nogueira).-- 'Casal de Alduara', nome xermánico.

Cachalvite (O Castro de Beiro, Ourense).-- Debe o seu nome a algún personaxe co nome xermánico de Alvitus. Non tiña por que ser el necesariamente xermánico, pero houbo uns séculos nos que eses nomes estaban de moda. Neste caso trataríase dunha propiedade, supoñamos que unha casa, 'de Alvitus'. Isto en latín, co nome en xenitivo sería: **casa Alviti*. Despois da transformación do s en ch e da iuxtaposición das dúas palabras daría o Cachalvilte.

Cachamaría (Triós, Pereiro de Aguiar).-- 'Casa de María', nome hebreo latinizado.

Cachamuíña (A Lamela, Pereiro) // (Esgos, Esgos).-- Parece algo así como unha "casa muiñeira". En galego antigo a muiña é o farelo.

Cachaxúas (San Miguel de Canedo, Ourense).-- VER "LUGARES DE CANEDO"

Caldas, As (l. e p., Ourense).-- Do lat. *aquas calidas* > (*aquas*) *caldas* > *caldas*.

Cales (Ucelle, Coles).-- Podería ter dúas orixes, ambas latinas: 1) a palabra *callis* 'sendeiro, camiño' (étimo do castelán 'calle') ou 2) a palabra *canale* 'cal, canle, rego'. Fose a que fose había máis de un cando nomearon así ó sitio.

Calsomiro (l. da p. e C. de Esgos).-- < *casale do *Miro (nome suevo)

Calvelos (Santa Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- Alude a elevacións de terreo sen vexetación, calvas. A raíz *cal-* 'pedra' é preindoeuropea.

Calvos (Santa Cruz da Rabeda, San Cibrao) // **Outeiro Calvo** (Soutopenedo, San Cibrao) // **Mesón de Calvos** (p. de Taboadela).-- É de supoñer que se estea a referir a uns montes sen vexetación, pelados. (Lat. *calvu*) Enténdese ben no caso de Outeiro Calvo onde se usa como cualificativo.

Cambeo (l. e p. de Coles).-- Posible raíz celta *cam-b* (lat. *camba*). Denota curva, recodo ou outeiro redondeado.

1345: "...so cadea de **Santo Estevao de Canbeo** et en Alvan so cadea de San Paio d ' Alvan et en Levises que he so cadea de San Migeel de Mellees, con cassas chantados, a montes et a fontes, et con todas outras suas perteenças et derreyturas. ..." (Santa María de Oseira)

Camiño Caneiro (Ourense cidade).-- Os topónimos 'caneiro' pódense referir a un determinado aparello para pescar no río ou a unha canle, que as dúas cousas pode ser un caneiro. Tamén podería ser un colectivo de 'cana'. Neste caso eu penso se non será, simplemente, un adxectivo cualificativo deste camiño, ben por ter forma de canle, ben por ter canas.

As Campinas (Vilar de Ordellas, Esgos).-- Coido que 'campina' é o mesmo que 'campiña' (Espazo grande de terra labrantía). Con ese nome de Campina hai na provincia 3 entidades de poboación e multitude de topónimos menores. No resto de Galicia, nin o primeiro.

O Campo (l. da p. e C. de Toén) // **Os Campos** (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense) // **Campo Novo** (Palmés, Ourense) // **San Miguel do Campo** (p. de Nogueira de Ramuín).-- Transparente. Lat.: *campus*, 'campo'.

Canedo (Parroquia e antigo concello).-- Nome común similar a Canaval, 'lugar de canas'. Do latín *cannetum* (formado xa entón con *canna* máis o abundancial *-etum*).

1458: "... Gonçaluo de Santiago et Roy de Tamallancos et Gonçaluo Fernandes et Payo de Barreyro et Apariço et Gonçaluo Ceberta, moradores enas freguesías de **San Pedro de Codeiro** et de **Canedo** et de **Santiago das Caldas**, feseron avinça et conpostura ontre sy, en esta maneira: ..." (Vida e fala dos devanceiros)

Cangos (Velle, Ourense).-- No galego común 'cango' é a táboa na que asentan as tellas. Por outro lado parece pervivir aí a raíz celta 'cam' ou 'camb', significante de curva, cousa curva.

Os Caniveiros (l. de Tras Hospital, Ourense, próximo ó Castro de San Tomé).-- Canivela é o talo ou cana do millo cortado. Por extensión tódolos cachos de canas, pequenos e abertos polos dous lados. Coma os dos foguetes. En masculino pode ser unha variable local da palabra e o feito de estar en plural aludir a unha abundancia.

Capela, A (San Miguel de Canedo, Ourense).-- Palavra común. Do latín vulgar *capella*, 'igreja pequena ou igrexa'

As Caracochas (Ceboliño, Ourense).-- En galego, 'caracochas' son eses ocos que hai nos troncos de moitas árbores vellas.

Carballeda (Ribela, Coles) // **Carballedo** (Graices, Peroxa) // **A Carballeira** (Sta. Cruz da Rabeda, San Cibrao) // **A Carballeira** (l. e p. de Nogueira de Ramuín).-- Son todos o mesmo: lugar de carballos. O que os diferencia son os sufixos, todos eles abundanciais. Significan o mesmo pero pode que fosen de épocas distintas.

(Baseándome no Nomenclátor de Entidades de Poboación, da Xunta, fixen unhas listaxes dos topónimos (O) Carballo (51), compostos de Carballo (15), (O) Carballedo (71), (A) Carballeira (45), Carballeda (14), (O) Carballedo (14), Carballido (18), (O) Carballiño (8) e outros varios máis da mesma familia léxica dándome un total para toda Galicia de 328 lugares poboados, sen contar campos, montes ou espazos con eses nomes, pero non habitados.)

Carballizos (Calvelle, Pereiro).-- Exemplar novo de carballo cando aínda é máis mata ca árbore. En plural.

O Carballo (Soutopenedo, San Cibrao).-- A árbore *quercus robur*. Nome derivado da voz prerromana **carb-* 'pedra, planta nada entre pedras' (7)

Cardenao (O Castro de Beiro, Ourense).-- Os topónimos que empezan por Carde- poden facilmente confundirse por ter dúas posibilidades: Derivados de lat. *cardinus*, ‘cardo’, ou pola expresión ‘casa de’. // No primeiro caso esa palabra do latín serodio deu, entre outras, a forma ‘cardeno’ referida á cor das flores dos cardos.

Carracedo (l. e p. d'A Peroxa, igual que **Vilar de Carracedo**).-- Lat. *carex*, *caricis* que era en tempos romanos unha planta que algún dicionario actual identifica coa ‘carriza’ (*Carex nigra*) + o abundancial –edo. ‘Lugar de carrizas’.

Carreira (Seixalbo, Ourense).-- Carreira é un derivado de ‘carro’ e a súa acepción máis vella é a de camiño de deles.

O Carroleiro (Ceboliño, Ourense).-- Popularmente asóciase con carro (conductor de carros), pero tamén podería estar relacionado con ‘carrolo’, nome que nalgúns lugares lle dan ás noces.

Carruceiro (Santa Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- O P. Sarmiento (no seu “Catálogo de voces...”) recolle a palabra ‘caruceiro’: “Especie de manzano silvestre, y sus manzanillas se llaman carozos...” En Asturias chámanlle ‘carruezo’ ou ‘caruezo’⁽⁸⁾. Na toponimia galega repítese con moitas variedades e coa alternancia de r simple ou dobre: Carrocedo, Carruceiras, Caroceiro, etc.

Cartelos (Cudeiro, Ourense).-- Forma sincopada e plural de *caritelo*, diminutivo de *caritel*, ‘herdade, territorio murado’.⁽⁷⁾

Casagrande (Canedo, Ourense) // (Reza, Ourense).-- luxtaposición de dúas palabras comúns.

Casanova (O Mesón de Calvos, Taboadela) // (Melias, Coles) // (Viñoás, Nogueira) // **A Casanova** (San Xoán de Moreiras, Pereiro) // (Rante, San Cibrao) // (A Barra, Coles // (Os Pensos, Esgos) //.-- Compostos transparentes.

O Casar (Graíces, Peroxa) // **Os Casares** (p. e C. de Amoeiro) // (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- Conxunto de casas, tanto en singular como en plural.⁽⁴⁾

Casardomato (Canedo, Ourense) // **Casar do Mato** (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- Casares no medio de monte baixo.

Casarío (Tibiás, Pereiro).-- Casa de campo coas súas dependencias.

As Casarizas (Mirallos, Peroxa).-- Parece que se está a referir a casas de pouco aquel.

Cascallal (Beacán, Peroxa).-- Latín tardío *quassicare* ‘quebrar, crebar, gretar, regañar’ e de aí ‘cascallo’. Co sufixo –al = ‘Terreo de cascallos’.

Casdecid (A Carballeira, Nogueira).-- < Casa de Citi ou Cidi, nome árabe ou mozárabe.

Casdeguístola (Vilarrubín, Peroxa).-- < Casa de Vistella, nome xermánico.

Casdemendo (Gargantós, S. Cibrao).-- < Casa de Menendo. (Menendo é unha transformación de Hermenexildo, orixe dos apelidos Menéndez en castelán e Méndez e Mendes en galego.)

Casdemiro (Sta. M^a de Melias, Pereiro).-- < casa de Miro (nome suevo)

Casdosteo (A Carballeira, Nogueira).-- “Casa de Osteo”. Nome xermánico, en latín *Osteus*.

Casferreiro (l. da p. de Beacán, Peroxa).-- Síncopa de ‘casa do ferreiro’ en alusión a algún con este oficio ou con este nome que tiña alí casa.

Casgutierre (Beacán, Peroxa).-- < Cas Gutierre < Casa de Gottieri

Casmartiño (l da p. de Sta. Marta de Moreiras, Pereiro).-- < Casa de Martiño. *Martinus*, nome latino.

Caspicón (Beacán, Peroxa).-- A primeira sílaba (síncopa de casa) fai pensar nun nome composto de posesor.

Caspiñón (Sta. Marta de Moreiras, Pereiro).-- Ven de “Casa (de) Piñón”. [Grafías medievais deste nome: Pinoo e Pinono (1127), Pinione (1140)]⁽¹¹⁾

1346, “...ho nosso casar que nos avemos em **Caspinoo**, que he ena friiguesía de Santa Marta de Moreyras; o dito casar vos damos a monte e a fonte, con todas sas en[tradas] e seidas, e con todos seus dereitos e pertençaas, ...” (San Pedro de Rocas)

Castadón (Prexigueiró, Pereiro).-- Probablemente sexa un nome de posesor.

A Castellana (Santa Cruz da Rabeda, San Cibrao).-- Topónimo híbrido co artigo en galego e o nome en

castelán. Debe de ser moderno. Posiblemente aluda a unha venda rexentada por unha muller castelá.

Castiñeiras (Puga, Toén) // (l. da p. e C. de Vilamarín).-- Evidentemente está relacionado coas castañas e os castiñeiros. Segundo algúns dicionarios ‘castiñeiras’ –así en plural- úsase para se referir a terreos nos que hai algúns castiñeiros pero sen chegar a formar souto.

O Castelo (Cabeza de Vaca, Ourense).-- Pode ser o antigo emprazamento dun castelo ou un monte con forma cónica.

Castrelo (Armariz, Nogueira).-- Híbrido de ‘castro’ e ‘castelo’.

O Castro (l. e p. de Taboadela) // **Castro de Covas** (Covas, Pereiro) // **O Castro de Beiro** (l. e p. de Ourense) // **Castroverde** (Noalla, San Cibrao).-- Latín *castrum* ‘campamento fortificado’. **VER "XENERALIDADES #1.3"**

Casundila (S. Xes da Peroxa, Peroxa).- Aparenta ser a casa dalguén chamado Undila ou parecido.

Caveanca, A (Beiro, Ourense).-- Na linguaxe común unha ‘cavianca’ é unha valgada pequena, pouco profunda. Caveanca debe de ser unha variante da mesma palabra.

Cazarrande (l. da p. e C. de Vilamarín).-- ¿caz < casa? ¿rrande < *Randus? (é un nome xermánico)

Ceboliño (l. e p. de Ceboliño).-- Alude a un sementeiro de cebolas novas para transplantar. Ten a forma dun singular con uso colectivo. (Diminutivo de ‘cebola’, palabra derivada do lat. *cepulla*)

Cebreiros (Covas, Pereiro).-- Suponse que ven do latín *equus zebra*, ‘cabalo salvaxe’. Podería ser un lugar arriscado frecuentado por burros ou cabalos bravos ou, máis concretamente, polo ‘zebro’ animal extinguido (que moi ben puidera ser o onagro) que foi o que deu nome –ó traveso do portugués- á cebra africana. ⁽²⁾

Celaguantes (l. e p. da Peroxa).-- Do sintagma latino *cella qua orantes* = ‘cela na que (están) os orantes’. Indícanos que alí había presenza dun mosteiro ou dalguén outro tipo de oratorio. ⁽⁷⁾ (Precisamente nesa parroquia hai un lugar chamado Santa Baia que ben podería ser esa cela-de-orantes.) Hai especialistas que rexeitan esta explicación.

Celeirón (Puga, Toén).-- Aínda que non o pareza ‘Celeirón’ é un diminutivo de ‘Celeiro’. ⁽⁷⁾

Celeiros (A Carballeira, Nogueira).-- Celeiro é unha bodega ou un almacén, propiamente un ‘almacén de cereais’. Do latín *cillario*, na idade Media eran aquelas dependencias dos mosteiros, rexentadas polos celeireiros, onde se recollían os produtos. ⁽⁷⁾

Cepedo, O (León, Vilamarín).-- ‘Cepo’ (cepo, cepa, coto, couce, toco) do lat. *cepa*, ‘cepo, parte da árbore que queda despois de cortada’. Cepa + etum : ‘lugar onde hai moitos cepos

Cerdedo (San Miguel de Melias, Coles).-- Do lat. *cerasus* (cerdeira) + etum. “Monte ou bosque de cerdeiras”

Cerdeiras, As (Armental, Peroxa).-- Transparente. Alusivo as árbores produtoras de cereixas.

Cernada, A (San Pedro de Rocas, Esgos).-- De *terra cinerata* ‘terra incinerada, queimada’. Ben como resultado dunha laboura de roturación e roza dun monte, ben a consecuencia dun incendio forestal.

Cerradao (Vilariño, Pereiro).-- Xentilicio correspondente a un natural ou veciño de ‘Cerrede’.

Cerrede (l. e p. de Nogueira de Ramuín) // **Vilar de Cerrede** (p. de Nogueira de Ramuín).-- Abundancial en –*eda* de ‘cerro’, e este do latín *cirrus* ‘crina do cabalo’, que por un uso en sentido figurado deu esta acepción de lomba ou montículo acabalgado.

Cerval (Fontefría, Amoeiro).-- Sitio de cervos. (Ou do ‘lobo cerval’, outro nome do lince.)

Chabasqueira (Santiago das Caldas, Ourense).-- **VER "LUGARES DE CANEDO"**

A Chabola (Albán, Coles).-- Do vasco *txabola* ‘casoupa, caseta’, palabra xa asimilada tanto polo galego coma polo castelán.

Chacín (Bóveda de Amoeiro, Amoeiro).-- De *Villa Placini* (de Placinius, n. latino)

A Chaira (Sta. Marta de Moreiras, Pereiro).-- Transparente: campo chan.

Chantada (Beiro, Ourense).-- Pode facer referencia a unha pedrafita prehistórica (un menhir). Xeralmente este nome procede do latín *pedra plantata*, que por elisión da 1ª palabra e evolución da 2ª quédase en ‘chantada’. Por outro lado é palabra da fala común. (Participio feminino do verbo cantar, ‘cravar, espetar’) Nalgún documento medieval fálase de ‘pedra chantada’ para referirse a un marco de lindes. Con este precedente tamén é admisible que por alí houbera unha pedra chantada que marcara unha divisoria entre dúas ou máis xurisdicións antigas.

Chaodarcas de Arriba e Chaodarcas de Abaixo (ls. da p. de Chaodarcas, Pereiro).-- Chao (latín *planus*) é palabra común, substituída por 'chan' noutros lugares. En canto a 'arca', é palabra tamén común (caixa grande, xeralmente de madeira), pero como topónimo é de supoñer que se refira a mámoas megalíticas.

A Chouzana (O Río, Vilamarín).-- Podería ser como chousa, porción de monte, viña, etc., cercada. Participio *clausa*, do verbo latino *claudere* 'cerrar'. Ou un derivado de 'chouza', caseta rústica.

Cibrán (O Río, Vilamarín).-- De *Villa Cipriani* (de Ciprianus, n. Latino)

Cima de Vila (Rouzós, Amoeiro) // (Sto. Eusebio da Peroxa, Coles) // **Cimadevila** (l. da p. e C. de Barbadás, onde está a Casa Consistorial) // (S. Miguel do Campo, Nogueira) // (Sta. María de Melias, Pereiro) // (Sta. Marta de Moreiras, Pereiro).-- Designa a parte máis alta dun lugar habitado.

Cima da Costa (O Castro de Beiro, Ourense).-- Nome descritivo. Alude á cima da chamada 'costiña de Canedo'.

Cinco Nogueiras (Vilarrubín, Peroxa).-- Pode que non sexan nin 5 nin nogueiras. Quizais proveña dun nome celta composto: a forma *cing*, guerreiro (houbo un rei Cing-etorix) e o nome propio Nucenius ou o feminino Onoguera. **Cinc-onoguera** podería ser a 'guerreira Onoguera'

Cinseiro (Moura, Nogueira).-- Do latín *cinisarium*, lugar abundante en cinza. Restos dun incendio ou dunha queima.

Cirro, O (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- Latín *cirrus*, 'rizo, crina do cabalo'. Aplícase a "cerros", con forma de lombo de cabalo.

Codesal ou **Ponte Codesal** (Polvorín, Ourense).-- Lugar de codesos. Codeso < lat. **cutissu*, arbusto da familia das Papilionáceas. O topónimo pervive nunha ponte á que deu nome e que en 1984 foi trasladada á Cabeanca

Codeseda (Cornoces, Amoeiro) // **Codesedo** (San Cibrao de Armental, Peroxa).-- Sitios de codesos (*cytissus hirsitus*), igual que **Codesal**.

Coíñas, Os (Antes Cudeiro, Ourense).-- Topónimo transparente: coíñas é o plural de coiñal, "lugar de coios". Efectivamente a terra dese sitio é unha mestura de coios e sábreo.

O Coitelo (Viñoás, Nogueira).-- ¿Algún elemento da paisaxe con esa forma? ¿Un diminutivo de 'couto'?

Coles (p. e C.).-- Do latín *collis* 'altura'. (A palabra latina deu en castelán 'collado') ⁽⁷⁾

Conchada, A (Palmés, Ourense).-- Derivados do latín *concha* hai lugares chamados Concha que aluden, nun principio, a eidos situados en concavidades do terreo. Aquí está en diminutivo, latín *conchula*. // Tamén os derivados de *conchula* poden facer referencia as noces ou ás nogueiras pois eses froitos en moitas partes son chamados 'conchos' // Tamén hai que ter presente á 'herba concheira' (a escrofularia nodosa.)

O Conchouso (Gual no C. de Peroxa) // (l. da p. de Vilarrubín tamén na Peroxa).-- Correspóndese con lugares cóncavos ou deprimidos. Do latín *conclausu* 'horta pechada'. ⁽⁷⁾

Condado (Rante, S. Cibrao) // **O Condado** (Sta. M^a de Melias, Pereiro).-- Delimitación dunha xurisdición, o territorio dun conde. ⁽⁷⁾

Corneda (Vilarrubín, Peroxa).-- **Kor-Netos* son dous étimos célticos. *Cor-* 'corno orográfico' e *Neto*, un deus celta. "Monte de Neto" ⁽⁸⁾

Cornoces (l. e p. de Amoeiro).-- Dunha voz precéltica **carn* ou **corn* co significado de 'pedra'.

A Corredoira (Alongos, Toén).-- Palabra común: camiño fondo de carro. As corredeiras fóronse facendo e afundindo co paso do tempo. Isto quere dicir que cando nomearon este lugar a corredeira xa estaba feita, xa tiña –seguramente- séculos.

Cortecadela (Sta. Cruz de Rubiacós, Nogueira) .-- Seguro que non ten nada que ver nin con 'cortes' nin con 'cadelas'. Dime un comunicante que pode ser como Cortegada, pero en diminutivo: cortecadela, cortecadela. Nese caso derivaría de *corticatus*, *-a*, *-um* 'cousa que ten casca'. E isto pode estar facendo alusión a algo feito de cortiza ou ben a un grupo de sobreiras ou corticeiras (a árbore "*corticata*" por antonomasia), grupo pequeno neste caso (polo diminutivo).

Cortiñas (Prexigueiró, Pereiro).-- Palabra de léxico común, aquí en plural: Terreo labrantío de pequena extensión e cercado. Do lat. *cors*, *cortis*, 'recinto no campo' + o sufixo diminutivo *-innus*.

O Coruxal (Boimorto, Vilamarín).-- Variante de curuxal, sitio de curuxas.

Corvelle e Vilar de Corvelle (ambos de Gual, Peroxa).-- O 1º, de *villa Corvelli* (de Corbellus, n. latino). O 2º

sería 'Vilar' e para distinguirse adoptaría como predicado o nome, anterior, do veciño Corvelle. Tamén podería ter sido (aínda que non é probable) algo así como *Villare (villa) Corbelli*.

A Costa (Cabeza de Vaca, Ourense) // (Cudeiro, Ourense).-- Transparente. Lat.: *costa*, 'subida, pendente'.

Costa da Cabra (S. Xes da Peroxa, Peroxa).-- Palabras coñecidas aínda que non se saiba a que se refiren

Costa de Monte (Amoeiro, Amoeiro).-- Transparente.

Costela (Sto. Eusebio da Peroxa, Coles) // **A Costela** (Faramontaos, Nogueira).-- Diminutivo de *costa*, pequeno desnivel do terreo ⁽⁷⁾

Costoira (Cudeiro, Ourense).-- En opinión do P. Sarmiento os derivados de *custodia* fan referencia a un lugar elevado que serve para custodiar, velar ou gardar⁽⁷⁾.

O Coto (Carracedo, Peroxa).-- Do prerromano **cott* 'altura ou altura pedrosa'. Un 'coto' ven sendo un 'picacho' ou un 'cume' (Non confundir con 'couto' do latín *cautu* 'lugar cercado'.)

Cotoriño (Sta. Mariña do Monte, Ourense).-- Dim. de 'coto', montiño, outeiro. Coto é termo prerromano coa raíz **cott*, 'altura'.

Couselo (Armental, Peroxa).-- Hai unha planta que se chama así (en castelán 'Ombligo de Venus'), pero, en opinión de Gonzalo Navaza ⁽⁸⁾, este topónimo é máis ben un diminutivo de 'couso' (do latín medieval *causus*, derivado do verbo *cavere*, 'precaer'). Eu non acabo de saber que é iso de couso pois, aínda que na toponimia está moi estendido, os dicionarios non dan unha definición clara e unánime. Quizais a máis fiable é a do P. Martín Sarmiento: "...en las montañas de Samos llaman [así] al agujero, foso (o *foxo*) que se hace para coger lobos, etc., y así la voz **couso**, tan común en Galicia, se debe entender." (Couso tampouco ten nada que ver co coso castelán -lugar cercado para circo, touros, etc.- que vén de *cursus* 'carreira', de *currere*.) // Según Cabeza Quiles ⁽⁷⁾ Couso ven de *capsum* 'caixa', 'caixón', aplicado a terreos con depresión orográfica.

O Couto (barrio importante da cidade).- Do latín *cautu* 'lugar cercado'. Xeralmente os coutos eran territorios pertencentes a unha xurisdición nobiliaria ou monacal.

Covas (Ribela, Coles) // **Castro de Covas** (Covas, Pereiro).-- A primeira vista fai referencia a 'covas' (latín *cavus*, -a 'burato, oco'), pero hai que ter en conta que a palabra puido ter un sentido de bache ou escavación (o verbo *cavare* 'cavar' tamén deriva de *cavus*) e nese caso estaríamos máis ben falando de fondais ou terreos deprimidos. // No caso do **Castro**, Covas é un determinante tomado do nome da parroquia. Non quere dicir que nese castro houbera covas senón que é o castro da parroquia de Covas.

Covelas (A Carballeira, Nogueira).-- Dim. de covas.

Covelo (Taboadela, Taboadela) // **O Covelo** (Armariz, Nogueira).-- Diminutivo de covo e este 'concaidade practicada na superficie da terra'.

Cristoble (Reádegos, Vilamarín).-- De *Villa Cristophali* (de Cristophalus, n. grego latinizado).

Os Cruceiros (Melias, Coles).-- Cruces de pedra.

As Cruces (Bóveda de Amoeiro, Amoeiro).-- Recorda figuras de cruces ou cruces de camiños.

As Cuartas (Armental, Peroxa).-- Pódese estar a referir á cuarta parte dunha herdade ou a un predio aforado que pagase como renda a cuarta parte dos produtos recollidos. ⁽⁷⁾

Cudeiro (l. e p., Ourense).-- Posiblemente sexa unha evolución do lat. *cos*, *cotís*, 'coio, seixo, pedra pequena' + sufixo colectivo *-arius* = 'pedreira, pedregal'. **VER "LUGARES DE CANEDO"**

O Cumial (l. de Noalla, San Cibrao, compartido con Ourense).-- Topónimo transparente: cume, cumio, cima.

A Cuña (Mariñamansa, Ourense).-- Podería ter algunha relación co preindoeuropeo *cun-* / *con-* 'roca, prominencia, altura'. // Hai quen o fai derivar (igual que Cuiña) dun latín tardío **colina*, derivado de *collis* (o mesmo étimo de Coles).⁽¹²⁾

Currás (Gargantós, San Cibrao).-- É un plural de 'curral' (hai outros como o normativo 'currais'), cercado ó pé da casa para o gando, esterco, apeiros, etc. A pesar de ter formas poligonais deriva o nome do lat. **currales*, e este do celta **corr* 'construcción circular'. ⁽⁷⁾ *Currales* > *curraes* > Currás.

Currelos (Reádegos, Vilamarín).-- Supoño que será un diminutivo, en plural, de 'curro' ou de 'curral'.

As Curuxeiras (Seixalbo, Ourense).-- É palabra común para designar un sitio de curuxas pero ten un uso figurado moi habitual para se referir a unha aldea sita en lugar rochoso e difícil (propio de curuxas).



A Derrasa (San Xoán de Moreiras, Pereiro).-- ¿Poderá vir de *ad rasa*? *Ad* é unha preposición (a, xunto a) e *rasa* un derivado (participio *rasus*) de *radere* 'afeitar, puír, raspar'.

Dornelas (Toubes, Peroxa).-- É un diminutivo en plural de 'dorna'. E 'dorna', aínda que a identifiquemos cun tipo de barca usada no río Miño, a súa acepción máis antiga é a de 'recipiente onde se recolle o viño despois de pisa-la uva'. Como se ve ambas son obxectos de forma cóncava. Por iso, en termos toponímicos, o que interesa é a idea de concavidade ou de depresión orográfica.



Eiradela (Faramontaos, Nogueira).-- Pode ser un diminutivo, ben de 'eirado' (pequeno terreo), ben de 'eirada' (cada unha das capas que se estenden na eira).

Eirasvedras (S. Miguel de Canedo, Ourense).-- Palabra composta formada polos plurais de eira < lat. *area* e de vedra < lat. *vetera* 'antiga'. "Eiras vetustas"

A Eirexa (Ribela, Coles) // (Loña do Monte, Nogueira) // (Beiro, Ourense) // (S. Miguel de Canedo, Ourense) // (Reza, Ourense) // (Untes, Ourense) // (Vilariño, Pereiro) // (Rante, S. Cibrao) // (Sta. Cruz da Rabeda, S. Cibrao) // (Soutopenedo, S. Cibrao) // (Torán, Taboadela) // (Puga, Toén) // (Reádegos, Vilamarín) // (Tamallancos, Vilamarín).-- **VER "XENERALIDADES #1.2"**

Eiroás, As (Antes Cudeiro, Ourense).-- Quizais estemos ante un derivado do latín *areola*, diminutivo de eira, eira pequena. O paso do sufixo diminutivo *-ola* a *-oá* é típico dunha zona de Ourense.

Enfesta (Celaguantes, Peroxa).-- Lat. *infestus* 'levantado, erguido'. Refírese a un 'sitio elevado', cume, cumio ou pico. [A palabra ten unha 2ª acepción –próxima-: costa abaixo.]

Entrambosríos (Armental, Peroxa).-- A palabra composta xa o di: Entre ambos ríos, concretamente entre os regatos de Candedo e de San Cibrao.

Erbedelo (Vista Fermosa, Ourense).-- Lugar de érbedos (lat. vulgar *erbitus*), o arbusto que da os morogos. (En castelán sería 'madroñal').

Esgos (l., p. e C.).-- < medieval Alesgos e este do prerromano **Ales-icos*.⁽¹²⁾ // Segundo E. Bascuas⁽¹¹⁾ aparenta ser un hidrónimo, pero puidera ser un xentilicio, os alésicos (¿ribeiráns do río *Alesia?).

1007: "...Parata Zore ecclesia Sancti Felicis Nasci; ecclesie Sancti Martini et villa de Meloni ab integro; in **Alesgos** ecclesia Sancte Eolalie et kasales duodecim; in Villare ecclesie Sancte Marie et Villem kasales; villa Lagenoso integra; in Felgoso ecclesia Sancti Petri et kasales tres et alias adiuntiones; in Molas uno kasale et media de ecclesia Sancti Genesi; villa de Ordenelias ab integro:...", (San Pedro de Rocas)

Esparrelaña, A (Untes, Ourense).-- Na linguaxe común unha 'esparrela' é unha trampa para cazar paxaros, unha especie de gaiola sen fondo feita de vimbios ou varas. Esparrelaña pode ser un diminutivo desa palabra.

Espartedo (Sta. Cruz de Rubiacós, Nogueira).-- Campo onde se cultiva esparto, planta gramínea (lat. *spartum*). Son varias especies do xénero *Stipa*, algunha empregada para facer cordas. ⁽⁸⁾

Espiñedo (Sta. Mª de Melias, Pereiro).-- "Conxunto de plantas espiñentas como o espiño albar, etc" ⁽⁷⁾

A Estrada (Puga, Toén).-- Palabra antiga esquecida e de novo recuperada. De (*vía*) *strata*, 'camiño empedrado'. (Hai varios homónimos en Galicia, como a vila de Pontevedra, que probablemente non teñan o mesmo significado. Poden referirse máis ben a unha correioira estrada, do verbo estrar, estender estrume – toxos, xestas, palla, etc.-- para cubri-lo bulleiro.)

Estrada de Reza (Reza, Ourense).-- Topónimo recente, tanto que quizais moita xente non o sinta como tal senón coma un simple apelativo. Refírese ás casas construídas na estrada, agora Estrada.

Estrumil (O. Río, Vilamarín).-- < (*villa*) *Estromiri* (de Estromirus, n. xermánico)



Os Facheiros (Soutopenedo, San Cibrao).-- Facheiro é palabra común aínda que esquecida. Reciben tal nome as fogueiras que antigamente se acendían na cima dunha montaña para dar algún aviso convido. Tamén se di 'facho', 2ª acepción. Deriva de facha 'tea prendida' e esta de *fax*, *facis*. ⁽²⁾

Faramontaos (p. de Nogueira de Ramuín).-- < faramontanos (habitantes de chaira, fóra da montaña)

Farixa, A (l. da p. e C. de San Cibrao das Viñas).-- De (*villa de*) *Farigia* (Farigia, nome xermánico)

Feá (l. e p. de Toén).-- Podería estar relacionado co 'feo' (herba segada seca) < fenum.

Fechos [Esta aldea é a única da parroquia de Trasalva que pertencía a Canedo, agora Ourense].-- O nome pode ser ou non do vocabulario común. Fecho é sinónimo de pecho ou pechadura. Tamén é unha peza do carro, coa alternancia fecho/pecho. Pero hai que admitir que ningún deses conceptos é habitual na formación de topónimos. // Se fora en feminino habería que pensar na palabra común 'fecha' (lat. *fistula*) que pode ser unha pingueira ou unha fervenza. O cambio de xénero tampouco é imposible.

Feirobal (Santa Olaia de Esgos, Esgos).-- Da expresión "*fogium lupale*", 'foxo lobal' ou foxo do lobo, construción medieval que se facía para atrapar ó lobo dentro. ⁽²⁾

Ferradal (Covas, Pereiro) // (Vilarrubín, Peroxa).-- Sitio no que hai ferro.

Ferreiros (Santo Eusebio da Peroxa, Coles).-- Indícanos que aí había varios artesáns do ferro.

A Ferreirúa (Viñoás, Nogueira).-- Diminutivo (raro) de 'ferrería'. (Como Ferrerueta en Zamora)

A Fiestra (Toubes, Peroxa).-- Desde logo 'fiestra', igual que fenestra ou ventá, é palabra común. O que non sei é que valor toponímico poida ter. Tamén é palabra galega 'alfiestra' que se refire ó ollo da agulla.

Figueiras (Fontefría, Amoeiro).-- Palavra viva. Árbore dos figos, aquí en plural.

Figueiredo (Untes, Ourense).-- Palavra común. Do lat. *ficaria*, 'figueira' máis a sufixo abundancial –edo.

Fiscal (Moura, Nogueira).-- Derivado (ai > i) de faiscal, lugar de faisca, entendendo esta na acepción de 'folla de piñeiro' (sinónimo de arume, frouma, pinocha, etc.) Dun lat. vulgar **falisca*. ⁽⁸⁾

Folgozo (Vilar de Ordellas, Esgos).-- Corresponde con *filicosu*, un dos moitos nomes derivados de *filictu* 'mata de fentos'. A variedade xa orixinaria de moitos nomes sinónimos refléxase en moitos topónimos que no seu momento significaban o mesmo: Fento, Fenteira, Fentoso, Filgueira, etc.

A Follateira (Ourense cidade).-- Follato é a carocha do millo e follateira pode ser un colectivo deses follatos ou unha morea de follas secas.

Fondo de Vila (Vilamarín, Vilamarín) // (Parada de Amoeiro, Amoeiro) // (Trasalva, Amoeiro) // (Loña do Monte, Nogueira) // **Fondodevila** (Os Pensos, Esgos).-- Parte máis baixa dun conxunto poboacional.

Fondo da Costa (S. Miguel de Canedo, Ourense).-- Aldea próxima á parte inferior da "costiña" de Canedo.

O Fondón (l. da p. e C. de Toén).-- Lugar fondo, fondura, profundidade.

O Fonsillón (Ourense cidade).-- Do sintagma latino "*Fons Sillion*" ('Fonte de Silo/Silón')

Fontao (Melias, Coles) // **O Fontao** (Beacán, Peroxa) // (Toubes, Peroxa) // (O Río, Vilamarín).-- De (*villa*) *Fontani* '(vila) de Fontanus' ⁽⁷⁾ Este era un sobrenome persoal tamén aplicado á divindade das fontes. // Algún pode ser un derivado do adxectivo '*fontanus, a, um*', relativo a *fons* ⁽¹⁰⁾ // (O mesmo étimo en outros lados deu Fontán.)

Fonte de Mouros (Reádegos, Vilamarín).-- Do lat. *fons, fontis*. Mouros pode vir de **mor* 'pedra'.

Fonte Larelle (Toén, Toén).-- < Fons Larelli (Fonte de Larius).

Fontelo (S. Miguel de Canedo, Ourense).-- É unha fonte pequena. De *fontana* + *-ellum* (diminutivo).

Fontefiz (Ucelle, Coles).-- De *Fonte Felicis* 'Fonte de Félix'. // *Felice* é 'feliz, abundante, saudable'. Puidera tratarse dunha fonte considerada así.

Fontefría (Mirallos, Peroxa) // (l. e p. de Amoeiro) // (l. da p. e C. de Nogueira).-- Transparente. De *fons* e *frigida*.

Fontelas (Armental, Peroxa).-- Transparente. Do lat. *fontanella*, dim. de fonte, en plural.

Fontes (Amoeiro, Amoeiro) // (Nogueira, Nogueira).-- Transparente

O Formigueiro (Trasalva, Amoeiro).-- Colectivo de formigas.

Os Fornos (l. da p. e C. de Barbadás).-- A palabra é sobradamente coñecida, pero non sei a que ven. ¿Fornos de pan? ¿Carboeiras? ¿Mámoas ou antas como fornos metafóricos?

Forxán (Celaguantes, Peroxa).-- De villa *Froiani* (De Froia, n. xerm.)

Freire (San Xes da Peroxa, Peroxa).-- Monxe, frade.

Freixedo (O Castro de Beiro, Ourense).-- Transparente. Lat. *fraxinus* 'freixo' + sufixo –edo < *-etum*.: *fraxinetum*, lugar de freixos.

Freixendo (Alongos, Toén).-- “Lugar de freixos”. Igual que freixedo, colectivo de freixos (cast. fresno)

Frieira (Melias, Pereiro).-- Pode estar relacionado co frío (*frigus, frigoris*) ou, posible, co nome xermánico Friedar.

A Furada (Sto. Eusebio da Peroxa, Coles).-- A palabra designa un burato grande na terra.



Gaioso (I. da p. e C. da Peroxa).-- De “(*Villa de) Gaudioso*”. Nome latino

Gándara Longa (Reádegos, Vilamarín).-- Ambos transp. Gándara: monte baixo ou terreo inculto.

Garavanzal, O (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- Topónimo transparente. Garavanzal é a horta adicada a garavanzos. O que pasa é que non sabemos a que especie se está a referir. Na Galicia do século XIX ó garavanzo actual chamábaselle ‘garavanzo castelán’ e o garavanzo, sen máis, era unha variedade de faba.

Os Garabatos (Cornoces, Amoeiro).-- Palabra de difícil etimoloxía; puidera ser unha forma prerromana próxima a *carba* ‘poula, mato’. Pode ser sinónimo de ‘garabullo’ (pau seco para o lume), de ‘garabelo’ (un cepo para animais), de ‘garamata’ (poula seca que só serve para queimar), etc. O parecido de todos estes valores resume que ‘garabato’ debe aludir a un lugar “onde se recollía leña miúda para o lume”. ⁽⁸⁾ É un topónimo emparentado co Garabás de Maside ou cos Garabelos de outros varios lugares.

A Garduñeira (Sta Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- En galego, como nome común, esta palabra ten dous significados: 1, lugar onde unha garduña ten a súa gorida e 2, trampa no monte para cazar alimarias.

Gargantós (I. e p. de S. Cibrao).-- Probable xentilicio. (Relacionado co indoeuropeo **Garg-* ‘tragar’)

Godexás (Piñor, Barbadás).-- ¿Algunha relación cos godos?

Goíás (Toubes, Peroxa).-- < (*Villa) Gaudilanis*. (“de Gaudila”, n. xerm.)

A Golpelleira (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense) // **As Golpelleiras** (A Barra, Coles).-- Refírense a covas de ‘golpes’ ou raposos. De *vulpecularia* ‘raposeira’. ⁽²⁾

Gomariz (Loña do Monte, Esgos).-- < (*Villa) Gomarici*, (vila de Gomaricus), posuidor xermánico (quizais suevo)

Gosende (I. da p. e C. de Vilamarín).-- < (*Villa) Goisendi*, (vila de Goisendus) ou *Godesindi* (de Godesindus, ambos nomes xermánicos.

Os Gozos (Sta. Marta de Moreiras, Pereiro).-- Debe o nome ó Santuario de Nosa Sra. dos Gozos, do s. XVII, alí emprazado.

Graíces (I. e p. da Peroxa).-- Antes Greycis e Greyzis. Derivado romance de *granum* co sufixo –i za (Lat. –*itia* ou –*icea*) e o significado de “mestura de grans e sementes menores como orxo, fabas, chícharos, lentellas, avea, etc.” ⁽²⁾

Granxa (Vista Fermosa, Ourense) // **A Granxa** (Montealegre, Ourense) // (Velle, Ourense).-- O primeiro uso en Galicia da palabra granxa, lat. **granica*, ‘gran, semente’, foi para designar unhas explotacións agrarias dependentes dos conventos. Escrito xa como *grangia* no latín medieval.

Guilfonxe (I da p. e C. de Amoeiro).-- < (*Villa) Vilifonsi*, ‘Vila de Vilifonsus’, nome xermánico.

Guimarás (Sta, Olaia de Esgos, Esgos).-- < *Wimaranis*, xen. do nome Wimara, pusuidor xermánico.

Guizamonde (Antes de Cudeiro, Ourense).-- Da expresión latina *(*villam) Wizamundi*, e dicir, ‘(vila) de Wizamundus’.

Gulfariz (Graíces, Peroxa).-- < *Villa Gulfarici* (de Gulfaricus ou Wulfaricus, nome xermánico.)

Gundiás (San Miguel do Campo, Nogueira).-- De *Villam Gundilanem* (acusativo de Gundilanis) ⁽⁷⁾

Gustei (I. e p. de Coles).-- < Gudestei < *villa Gudestei* (‘finca de Gudesteus’). Nun documento de Afonso VII de 1157 chámalle Godestei.

1441: “Gomes Yanes clérigo de Ribella e Rodrigo clérigo rector de **Gostey**, Pedro Yanes de Beiro capellan de Codeiro”, (Synodicon hispanum I. Galicia)

Guxilde (Vilar de Astrés, Ourense).-- Proven de Godegildi, xenitivo do nome xermánico Godegildus. A expresión orixinal latina sería *(*villa) Godegildi*.



Infesta (Gargantós, San Cibrao).-- Infesta é unha variante fonética de Enfesta e esta unha palabra galega que designa a parte máis alta dun terreo, dun monte, etc. Latin *infesta*.

Izás (Sto. Eusebio da Peroxa, Coles).-- Derivado do nome persoal galo Iccius. ⁽¹⁰⁾



Ladredo (Armental, Peroxa).-- Derivado do nome da árbore lodeiro (lodeiro, lamigueiro ou grufneiro) co sufixo *-etum*. (Latín: *lotus*. Castelán: *lodón*)⁽⁸⁾

O Lagar (Beiro, Ourense) // (O Castro de Beiro, Ourense) // (Vilar de Astrés, Ourense) // (Velle, Ourense).-- 'Lagar', aparte da coñecida maquinaria para prensar uva, é unha variante arcaica de 'lago' (*lacus, us*), documentada no 870 como *lacar* e no 933 como *lagar*.

Lagariños (Sto. Eusebio da Peroxa, Coles).-- Lagariños, diminutivo plural de *lagar*.

A Lagoa (l. da p. e C. de S. Cibrao).-- Palabra común. Do latín *lacuna, -ae* 'lagoa'.

As Lagoas (barrio de Ourense cidade).-- Debe o nome a que ata o ano 1959 (no que se saneou e se proxectou a súa urbanización) había moitas charcas que por dificultades de desaugue se mantiñan con auga gran parte do ano.

A Lama (Palmés, Ourense) // (Tamallancos, Vilamarín) // (Sta. Olalla de Esgos, Esgos) // **Lamas** (Celaguantes, Peroxa) // **As Lamas** (Valenzá, Barbadás) // (A Barra, Coles) // **Lamagrande** (Melias, Pereiro) .-- No galego actual 'lama' é o lodo, trollo, bulleiro, entullo, ... (Incluso barro, aunque este nome se reserva máis ben, para o dos oleiros.) Pero todo fai pensar que en tempos pasados significaba algo así como 'Pradería natural en terreo húmido', e dicir, algo máis proximo ó que hoxe é un lameiro ou un tremedal. A palabra é de orixe prerromana. Na documentación medieval, aparte de designar topónimos e apelidos, úsase tamén como un tipo de propiedade (Ex.: "*E mays outro pedaço de monte que jaz a par da lama da Toouça ...*").

Lama Forcada (l. da p. e C. de Nogueira).-- O segundo termo podería ter relación con forza, galleta agrícola. Latín *furcula*, 'forca ou galleta de 3 gallos'. O termo soe dar nome a cimas de monte con forma bifurcada.

Lamela, A (l. e p. de O Pereiro de Aguiar).-- Diminutivo de 'lama'. Podería designar un prado moi reducido.

Lamiña (Celaguantes, Peroxa).-- Outro diminutivo. Seguramente para diferenciala dun **Lamas** da mesma parroquia.

Lampazas (Esgos, Esgos).-- En principio alude a unha planta (chamada tamén lapaza), representada por diversas especies do xénero *Rumex*, pero G. Navaza⁽⁸⁾ sospeita que pode facer alusión á ausencia de vexetación. Sería unha palabra co mesmo étimo ca 'lampiño'

Lanza Carreira (Seixalbo, Ourense).-- O 1º termo non sei o que é. O 2º, do lat. vulgar *carraria*. Carreira é o carril feito polos carros.

Larelle e Fonte Larelle (ls. da p. e C. de Toén).-- < villa Larelli (de Larellus).

Lavandeira (l. da p. e C. de Coles) // (Soutomaior, Taboadela).-- Segundo Cabeza Quiles pode ser unha deformación de 'nava' "depresión pola que corre un río, por influxo do verbo 'lavar'.

A Laxa (A Barra, Coles) // **As Laxas** (Ourense) // **Laxas** (San Xes, Peroxa) // **A Laxe** (Soutopenedo, San Cibrao).-- Do latín hispano *lágena* e este probablemente do celta. 'Laxe, laxa, pedra lisa e longa'.

Lentomil (l. da p. e C. da Peroxa).-- < (*Villa*) *Landomiri* (de Landomirus, nome xermánico.)

León (p. de Vilamarín).-- Non é o caso da cidade de León (< lat. *legione* 'lexión') senón dalgún posesor chamado León. Dun sintagma latino (*villa*) *Leonis* ou directamente do nome Leo evolucionado a León. ⁽⁷⁾

Liñares (Rouzós, Amoeiro) // (l. da p. e C. de Nogueira de Ramuín).-- Eidos plantados de liño (lat. *linu*, cast. lino, port. linho)

Lobaces (Triós, Esgos).-- Segundo varios dicionarios lobaz é un lobo moi grande. Tamén en portugués. // Tamén podería derivar de *Lupatius*, nome etrusco.

Loiro (l. e p. de Barbadás).-- Variante moi común do normativo 'louro', de cor roxa, case dourada.

Lonia de Abaixo (Tras Hospital, Ourense).-- É unha hipercorrección (un arcaísmo) do nome do río que a recorre, o Loña. Este, á súa vez, é un clásico da hidronímia prehistórica.

Lonia de Arriba (Velle, Ourense).-- Poboamento posterior ó d'Abaixo, do que tomou o nome.

Loña do Monte (p. de Esgos e Nogueira) // **Loñoá do Camiño** e **Loñoá Grande** (ls. de Covas, Pereiro).--

Nomes relacionados co do río Loña. Este está atestiguado en 886 como “*flumen Laonia*”. Loñoá é un diminutivo de Loña (de *Laoniola*) o cal é conseqüente co fenómeno, habitual en Galicia, de designar así o curso superior, ou un afluente dese curso, dun río: Miño/Miñotelo; Tambre/Tamarela; Ulla/Ulloa; Sar/Sarela .. Loña pode ser unha consecuencia dun prerromano **lou* 'lavar'.

Loñoá Grande en 1175: “...Proinde do et offero hereditatem meam propriam quam habeo de parentibus meis vel de succesu avorum meorum, id est, in Tredones quarta de ecclesia Sancti Cipriani et **Laoniola maiore** cum aiunctionibus suis...”, (San Pedro de Rocas)

Louredo (Graíces, Peroxa).-- Lugar de loureiros (*'laurus nobilis'*). Nome antigo, non vén nos dicionarios modernos.

Loureiro (Rouzós, Amoeiro) // (Vilar de Cereda, Nogueira).-- Nome do coñecido arbusto. Latín *laurariu*.

Ludeiros (Vilar de Astrés, Ourense).-- Probablemente do latín *lutariu*, abundancial de *lutu*, 'lodo, lama' = lugar con moito lodo. // Non se pode descartar a forma Lodoeiro: árbore da especie *Celtis Austyralis* (chamada almez en castelán).

Lugar do Monte (Vilar de Astrés, Ourense).-- O nome, propiamente, é Monte; se se lle antepón o de Lugar é para individualizalo. Topónimo, en principio, transparente. (Sen esquecer que nesta bisbarra abunda o apelido Montes o que podería ter algunha relación.)

Luíntra (p. e C. de Nogueira).:

1479, “...administrador perpetuo do mosteyro e abadía de Santo Stevo de Riba de Sil e frey Johán Ribeyra, prior, e frey Vasco de Çeboliño e frey Vasco de **Lointra** e frey Alvaro de Bouças, monjes do dito mosteyro, todos juntos en noso cabildo por son de canpaá tangida...” (Vida e fala dos devanceiros)



A Madanela (l. da p. e C. de Coles).-- É unha variante (concretamente unha metástase de –nela- por –lena-) de Madalena, nome duna muller ou quizais da coñecida santa (Santa María Madalena).

Madrosende (Beiro, Ourense).-- Lugar dun castro prerromano de nome perdido. Madrosende deriva de *(*villam*) *Matrosindi*, '(vila) de Matrosindus'.

Malburguete (San Miguel do Campo, Nogueira).-- ¿Será un nome pexorativo de 'burgo'? Malo e co sufixo minorativo -ete.

O Malladoiro (Tamallancos, Vilamarín).-- Lugar onde se mallan os cereais. Sinónimo de 'eira'.

Malobrijo (Triós, Pereiro).-- Probablemente se trate dun composto de orixe celta no que se conserva o elemento *brig-*. Formadas con este temos as palabras 'briga' (fortaleza nun alto) e 'brigo' (poboado).

O Malvedo (Ribela, Coles).-- Lugar abundante en malvas.

Marcelle (Orbán, Vilamarín).-- Villa Marcelli: 'vila de Marcelo' ⁽⁶⁾

Mariñamansa (barrio e p. de Ourense cidade).-- Tradicionalmente asóciase este topónimo con 'pataca mansa', pero eu, con tódolos respectos, non o creo. Efectivamente mariña foi un dos primeiros nomes da pataca. A castaña era o alimento básico dos galegos, ata que nos séculos XVIII e XIX, a pataca, á que denominaban 'castaña da terra' ou 'castaña mariña' pola súa orixe en ultramar, substituíu a aquela na nosa dieta. Durante 200 ou máis anos fora unha planta da que se desconfiaba. Por outro lado E. Bande [\(15\)](#) di que o topónimo está documentado no s. XI. Sendo así mal se podía referir á pataca. // Referirse a un sitio como o da “mariña mansa” parece implicar que hai outro no que se da unha “mariña brava” o cal non sei se será así neste caso. // Por outra parte e xa que falamos da oposición mansa-brava poderíamos fantasiar un pouco e forzar unha relación entre esta “Mariña mansa” e “(Santa) Mariña do Monte” que está a 3 Kms en liña recta. (Monte non é só unha elevación senón tamén un terreo bravo, sen cultivar.)

A Medorra (Sta. Marta de Moreiras, Pereiro).-- Medorra é un sinónimo de 'mámoa' (túmulo de terra que cobre unha anta). Probablemente é que había alí tal monumento megalítico aínda que tamén puidera chamarse así nun sentido figurado se é que o terreo primitivo tiña esa forma.

A Meiroá e As Meiroás (son 2 ls. distintos da p. e C. de Esgos).-- Ambos parecen proceder dun preindoeuropeo *m'r* (**mar / mer / mir* 'rio', 'auga'. Hai moitos topónimos e hidrónimos con esta raíz: Mera, Meira, Meiral, Meirama, etc.

Melias (S. Miguel de Melias, en Coles, e Sta. M^a de Melias, en O Pereiro de Aguiar. Ambos á beira do Miño, o primeiro na marxe dereita e o 2^o na esquerda. Un fronte do outro).-- < do medieval Mellānes e este dun

prerromano, raíz **mel-* (hidronímica e oronímica): ‘elevación’, ‘ribeira’... A terminación –*ães*, pl. do sufixo átono prerromano –*ānus*.⁽¹¹⁾

1420: “que jaz sub signo da nosa igrexa de Sam Miguell de **Mellees**, así como jaz en fondo da dita igrexa e deçe junto con as casas de Figueyredo...” (San Esteban de Ribas de Sil)

Melle (Vilarrubín, Peroxa).-- ¿Poderá ser unha evolución fonética distinta do mesmo étimo de Melias?

Melón de Arriba e Melón de Abaixo (Is. de San Pedro de Rocas, Esgos).-- P. Celdrán para o Melón do partido xudicial de Ribadavia di que acaso vén do lat. *meles* ‘teixo’, o animal carnívoro tamén coñecido por teixugo e tourón. // Para Cabeza Quiles, falando de Melón de Arriba, di que pode vir da raíz prerromana **mel* ‘altura’. (Melón de Arriba, nese caso, é unha tautoloxía.)

Mende (Ourense).-- Xenitivo de posesor xermánico, Menendus (nome atestiguado en 884), Meendo (1057), Mendi (1177) ou Méndez (1213). ⁽¹¹⁾

Meriz (l. da p. e C. de Coles) > (*Villa*) *Malerici* (de Malaricus, nome suevo.) *Malerici* > *Maeriz* > Meriz.

O Mesón (Ceboliño, Ourense) // (Santa Cruz de Arrabaldo, Ourense) // **O Mesón de Calvos** (p. de Taboadela).-- A primeira impresión é que estes topónimos estanse a referir a antigos mesóns establecementos de hostalería. Do lat. *mansio*, *-onis* ‘permanencia, albergue, vivenda’ que por vía culta deu ‘mansión’. Agora ben Cabeza Quiles é da opinión de que moitos destes topónimos poden facer referencia a unha meseta orográfica, unha altura chan. Para o caso dos tres que aquí mencionamos quizais valga a primeira interpretación dada a súa ubicación en antigas rutas. Incluso no caso da parroquia de O Mesón de Calvos, sen haber ningún lugar chamado Mesón si hai –nesa parroquia– un chamado A Venda Nova, o que suxire que houbo –cando menos– outra vella.

A Mioteira (Stas. Cruz da Rabeda, San Cibrao).-- Mito é unha variante do nome de paxaro coñecido comunmente como miñato, en latín *milvus* e en castelán milano. Así mioteira é o lugar do mito/miñato.

Mira de Abaixo, Mira de Cima, Mira de Río (Is. de Santo Eusebio da Peroxa, Coles).-- Poden ser derivados do preindoeuropeo *mir*, ‘cabezo, cerro’. // Outra posibilidade é a de ser deverbativos de ‘mirar’, ‘lugar de mirar’, ‘viso’. (As dúas posibilidades dalgún xeito conflúen no remoto pasado).

Mirallós (l. e p. da Peroxa).-- Mirador, miradoiro, viso.

Mollón (Viñoás, Nogueira).-- Puidera ser un castelanismo por ‘mojón’, marco divisorio de territorios. É forma antiga que aparece na Crónica Xeral, pero que non ten uso actual nin en galego nin en portugués.

Monte Asnal (Trasalba, Amoeiro).-- A pesar da aparencia posiblemente Asnal non teña nada que ver cos asnos senón coa raíz paleoeuropea **aps-na* de tipo hidronímico. Hai en Galicia e Portugal varios ríos que se chaman Asno, Asneiros e cousas parecidas. Monte Asnal (tería que confirmalo) pode ser un monte de varios regatos. // Outra alternativa (pero menos probable) sería que se tratase dunha deformación de ‘arnal’, adxectivo que designa unha variedade de toxo (o toxo arnal) especialmente bravo e picudo.

Montecelo (Faramontaos, Nogueira).-- Dim. de ‘monte’, xa en latín. De *monticellus*, castelán ‘montecillo’. ⁽¹¹⁾

Montelongo de Arriba e Montelongo de Abaixo (Soutopenedo, San Cibrao).- Transparentes. Monte e longo.

Monteverde (Moura, Nogueira).-- Transparente. Monte e verde.

Montós (Orbán, Vilamarín).-- Aparentemente é o plural (ourensán) de ‘montón’.

A Morcegueira (San Xes, Peroxa).-- Lugar de morcegos. (É palabra ben construída, pero non vén nos dicionarios.)

Moreiras (San Pedro de Moreiras, Toén) // **San. Martiño de Moreiras e San Xoán de Moreiras** (ps. de O Pereiro de Aguiar) // **O Moreiro** (Mugares, Toén) // **Moreda** (O Souto, Peroxa).-- Transparentes. Todos se refiren as árbores *morus nigra* ou *morus alba*.

Moura (p. de Nogueira).-- Nome relacionado con **mor* ‘pedra’. (Nada que ver cos mouros, como tantos outros topónimos influenciados por etimoloxías populares.)

Moure (Gual, Coles).-- De (*Villa*) *Mauri*, (Vila de Maurus). Mauro, nome latino

Mugares (l. e p. de Toén).-- Da voz prerromana *muga*, ‘marco, fito, pedra que marca territorios’.

Os Muíños (l. e p. de Barbadás).-- Transparente. Do lat. *molinum*.

Mundín (Santa Cruz de Rubiacós, Nogueira).-- De (*Villa*) *Mundini*, (de Mundinus). A raíz xermánica *munds*

significa amparo ou refuxio ⁽⁶⁾

Murteira, A.-- (l. De Tibiás, Pereiro) A murteira é a planta do mirto, pero tamén lle chaman así a cada parte de distinto cultivo en que se divide unha horta. ⁽⁸⁾



Naves (Palmés, Ourense).-- ¿Será como Navas? *Nava* é palabra celta que logo pasou ó latín e ós romances peninsulares. Designa unha chaira elevada que pola súa forma (de nave) pode concentrar auga de chuvia. (Soe usarse en plural.) ¿Non puido dar ‘nave’ nun lugar determinado e nun momento preciso? De feito os filólogos admiten a alternancia nava/nave como factible na documentación medieval. A orografía do lugar de Naves (non a do mosteiro) responde exactamente a esa definición de ‘nava’.

Nespereira (A Carballeira, Nogueira).-- Nome da árbore froiteira que da as nésporas.

Nigueiroá (San Miguel do Campo, Nogueira).-- Do medieval Nugariola, dim. de ‘nogueira’. ⁽¹¹⁾

Noalla (l. e p. de San Cibrao das Viñas igual que **A Ponte Noalla**).-- Atestiguado como Noalia no 1096. Procede do tema **Noig-* relacionado coa idea de ‘lavar’. Podería ser, por exemplo, ‘lavadoiro’. É a mesma raíz que a de Noia e moitos outros topónimos. Hai outro Noalla en Sanxenxo (Pontevedra). Un Noallo en Castrelo de Miño (Ourense), outro en Touro (A Coruña), etc., pero todos eles á beira do mar ou dun río, coma este de San Cibrao que está xunto ó Barbaña. En Noalla, en vez de Noia, o morfema final podería estar enmascarando algún sufixo, quizais de diminutivo. ⁽¹¹⁾

Nogueira (l., p. e C. de Nogueira de Ramuín) // (Castro de Beiro, Ourense).-- < lat. *nucaria* (árbore das noces)



Oira (Antes de Cudeiro, Ourense).-- Nome dun castro cercano, o máis próximo ó solar de Ourense. O nome ten máis de 2000 anos, pero os autores non se acaban de poñer de acordo. Predominan os que o relacionan co ouro (latín *aurum*). Segundo Cid Rumbao Oira significa ‘lavadoiros de ouro’. // ¿Terá algo que ver coa palabra celta *olga*, ‘terra labrada’? Non sei se as evolucións do celta ó latín e galego poderían dar esa forma. // Olga, en portugués e en galego antigo, é unha leira ou unha planicie entre outeiros. En castelán, existe na toponimia o seu equivalente coa forma Huelgas, e ten o significado de ‘hortas á beira dun río’, realidade que tamén se da en Oira.

Orbán (p. de Vilamarín).-- De < villa Orbaní (“Villa de Orbanus”).

A Orde (Vilarrubín, Peroxa).-- Supón Cabeza Quiles que estes topónimos se están a referir a antigas posesións territoriais dalgunha orde relixiosa. Serían o resto de sintagmas do tipo (*leira da) Orde, (*igreja da) Orde, (*terra da) Orde, etc.

Ordelles (Chaodarcas, Pereiro) // **Vilar de Ordelles** (l. e p. de Esgos).-- E. Rivas ⁽¹⁴⁾ asócio a Ordes y propón unha orixe prelatina en **ord* / **urd*, hidronímica ou oronímica. Relacionado co vasco *ordo* ‘chaira’, como Orduña.

Ouriz (Sta. M^a de Melias, Pereiro).-- De (*Villa Honorici*, ‘(Vila de) Honoricus’, nome xermánico.

Outariz (San Miguel de Canedo, Ourense).-- Proven dun nome de poseedor, Audericus. De **villam Auderici*. // O principio da palabra fai pensar nun lat. *altus*, ‘lugar elevado’, pero o sufixo –iz non deixa lugar a dúbidas.

Outeiro (l. da p. e C. de Amoeiro) // (Bóveda de Amoeiro, Amoeiro) // (Cudeiro, Ourense) // (Triós, Pereiro) // (Toubes, Peroxa) // (Vilarrubín, Peroxa) // (Ribela, Coles) // **Outeiro de Carracedo** (Carracedo, Peroxa) // **Outeiro de Melias** (S. Miguel de Melias, Coles) // **O Outeiro** (l. urbano de Ourense; ó lado das Burgas, no saínte onde está o cárcere vello, antes *outeiro* con relación o entorno.) // (Faramontaos, Nogueira) // (Palmés, Ourense) // (Santa Cruz, Ourense) // (Untes, Ourense) // (Velle, Ourense) // (San Xoán de Moreiras, Pereiro) // (Santa Marta de Moreiras, Pereiro) // (Soutopenedo, San Cibrao) // (Soutomaíor, Taboadela) // (Torán, Taboadela) // (Alongos, Toén) // **O Outeiro de Beacán** (Beacán, Peroxa) // **Outeiriño** (Vilarrubín, Peroxa) // **Outeiriños** (San Xes da Peroxa, Peroxa) // **O Outeiriño** (O Mesón de Calvos, Taboadela) // **Os Outeiriños** (S. Miguel de Melias, Coles).-- A palabra ‘outeiro’ deriva de *altarium*, do mesmo significado. **VER "XENERALIDADES #1.1"**

Outeiromeao (Santa Marta de Moreiras, Pereiro).-- “Outeiro do medio”

Outeiro Calvo (Soutopenedo, San Cibrao).-- Calvo é pelado, sen vexetación.

A Outraldea (Orbán, Vilamarín).-- Composto transparente.

As Ouxeas (p. e C. de Vilamarín).-- Segundo Cabeza Quiles é probable que faga referencia a unhas mulleres coñecidas con ese nome colectivo que sería o de unha nai, unha avoa ou unha irmá máis vella chamada

Ouxea.

Oxén (Sobreira, Vilamarín).-- Segundo o profesor J. L. Pensado vén do nome persoal latino Eugenius. O xenitivo Eugenii, parte do sintagma **villa Eugenii*, daría, pola elipse do termo *villa*, a transformación *Eu* > O e a desaparición do *-ii* final, o actual Oxén. (Está mal O Xen como figura escrito nalgún sinal de circulación.)



Palmés (l. e p. de Ourense).-- (Fernando Fulgosio ⁽³⁾ cita Sta. Comba de Naves e S. Manuel (*sic*) de Palmés como parroquias distintas o cal non está nada claro.) O nome coincide cunha palabra do léxico común, pero non creo que teña nada que ver: Dicc. RAG. Palmés: Que ten a planta dos pés plana. Tamén pode ser un sinónimo popular de 'palmípedo' (relativo ó grupo de aves das palmípedes), pero tampouco lle vexo relación. Así mesmo podería ser o xentilicio dalgún lugar chamado Palma, pero non hai tal por Galicia.

1414, "... en este dito día, estando eno agro da Sazeda, que he acerca de **Palmés**, couto do monesterio de Santa Comba de Naves ...", (Vida e fala dos nosos devanceiros.)

O Palleiro (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- De *paleario* e este de *palea*. Xeralmente 'palleiro' é unha morea de palla en forma cónica erguida ó aire libre mentres 'palleira' e unha dependencia ou construción onde se garda a palla.

Papelas, As (Vilariño, Pereiro).-- ¿Algo que ver con Papelli, xenitivo dun *Papellus?

Parada (l. da p. e C. de Vilamarín) // (Sabadelle, Pereiro de Aguiar) // **A Parada** (Piñor, Barbadás) // **Parada de Amoeiro** (l. e p. de Parada de Amoeiro, Amoeiro) // **Parada Seca** (Vilar de Cerreda, Nogueira).-- Lat. *parata*, p.p.f. do latín *parare*, 'preparar alimentos/aposentos'. Soe corresponder cun lugar de descanso nunha encosta.

Paradela (Vilar de Astrés, Ourense) // (p. e C. de Coles) // (Sto. Estevo de Ribas de Sil, Nogueira).-- Diminutivo de parada.

Paraiso (Santiago das Caldas, Ourense).-- Do latín *paradisum*, 'xardín, paraíso', pero nunha acepción concreta de gran parque ou finca pechada, recordando ó Paraiso do Xénese.

Os Pardieiros (l.da p. de Calvelle, Pereiro) // **Os Pardiñeiros** (Ledón, Vilamarín) // **Paredes** (Puga, Toén).-- Están todos relacionados co latín vulgar **parele*, do clásico *pariete* 'parede'. Pódense referir ás paredes dun edificio sen rematar, a unhas paredes de cercado ou a unhas ruínas.⁽⁷⁾ Como se hoxe dixésemos 'Os paredóns'.

O Parladoiro (Calvelle, Pereiro).-- Parladoiro, segundo o dicionario, é, propiamente, cada un dos asentos de pedra que había nas casas no oco das ventás para sentar neles e falar dúas persoas, pero podería aplicarse a calquera outro sitio para falar.

Pasadán (Mesón de Calvos, Taboadela).-- No século XV xa se usaba como topónimo igual que A Pousa.

1484 "... o soto de **Pasadán** que jas ena freyguesía de Sant Jurjo da Touça e de Sant André de Rante, con seus castiñeyros e árbores e con a herdade en que estan sytos e plantados, segundo parte de hua parte con soto e herdades del cabildo e fere no rigueiro que ven dos lameyros de Sta Locaya e ven topar ao porto dos Carros, abaixo da **Pousa de Pasadán**, que está no camiño que vay para Sant Cibrao..." (Vida e fala dos nosos devanceiros.)

O Pazo (Triós, Pereiro) // (Gargantós, San Cibrao) // (Puga, Toén) // **Pazos** (Armental, Peroxa) // (Soutopenedo, San Cibrao) // (Santiago da Rabeda, Taboadela) // (O Castro de Beiro, Ourense) // **Pazos de San Clodio** (l. e p. de San Cibrao das Viñas) // **Pazos de Monte** (l. e p. de Vilamarín) // **Pacio** (Faramontaos, Nogueira) // (Carracedo, Peroxa) // **Pacios** (l. da p. e C. de Nogueira de Ramuín) // (Toubes, Peroxa) // (San Miguel de Melias, Coles) // **O Pacio** (l.da p. de Velle, Ourense) // **O Palacio** (Orbán, Vilamarín) // (l. e p. de Vilamarín, Vilamarín).-- Son todos eles derivados da voz *palatiu* aínda que –quizais- en fases de evolución distintas. É un topónimo uns 290 casos mentres que como 'Pacio' hai 110 e estes sómente se dan nas provincias de Lugo e Ourense. A forma (O) Palacio só hai 10. **VER "XENERALIDADES #1.7"**

Os Peares (l. e p. da Peroxa).-- Refírese a uns pasais ou 'piares' para cruza-lo río. Lat. vulgar *pilare*, de *pila* 'columna'. Algún dicionario di que moi copioso se ben predomina a forma 'Pazo'. Nesta traza (con e sin artigo e máis plurais) hai en toda Galicia 'pear' é un adxectivo co significado de 'que cobre o pé'. Sexa dunha forma ou doutra ambos están asociados á idea de pasa-lo río.

Pedra, A (Velle, Ourense).-- Palabra común que non sei por que se aplica neste caso.

Pedraio (Santa Marta de Moreiras, Pereiro).-- De '*villa Petragio*', documentado en 938. ⁽¹¹⁾

Pedreira (Carracedo, Peroxa).-- Lat. vulgar *petraria* 'chan rochoso'. Sitio de moitas pedras. ¿Algúnha vella

canteira?

Os Pelamios (cidade).-- Lugar onde se curten as peles. Consérvase o topónimo na Ponte dos Pelamios, a pesar de que esta construción non sexa a orixinaria.

Peliquíun (Hoxe Caldas, antes Cudeiro, Ourense).-- A terminación en *-ín* induce a pensar que estamos ante o nome, xenitivo en *-ini*, dun poseedor medieval (*-inus*). Como é o caso de Marín, Petín, Gundín, etc.

O Pelouriño (Tibiás, Pereiro).-- Sitio público onde se castigaba, e expoñía, ós reos culpables. Tamén chamado 'picota' coma en castelán.

A Pena (Vilariño, Pereiro) // (Reádegos, Vilamarín) // (A Carballeira, Nogueira) // **Pena Redonda** (Ourense) // **Pena do Chao** (Viñoás, Nogueira).-- A palabra *pinna* xa en latín era polisémica. Valía para unha pluma de ave (pena en galego arcaico), para as aletas dos peixes e para as ameas dunha fortaleza ou muralla. Foi este último valor o que se comezou a aplicar metaforicamente ás rocas que coroaban as cristas dun monte e así deste xeito chegou a servir para designar as penas, rocas ou rochedos. (É, ó mesmo tempo, homófona doutra distinta, a concernente a mágoa ou castigo, derivada de *poena*.) No sentido pétreo mencionado é no que se usou para construír os topónimos. Por certo, hai case 390 lugares con nomes relacionados con 'Pena', moitos deles compostos, pero, salvo moitos destes compostos e outros 6, todos os demais levan o artigo. ¿Será isto testemuña de que xa se formaron en romance e non antes en latín?

Penalba (Viñoás, Nogueira) // **Penas Albas** (Sta. Mariña de Albán, Coles).-- Lat. *pinna alba*, pena branca. (Albo foi anterior a branco).

O Penedo (Santa Marta de Moreiras, Pereiro) // **Penedo** (Triós, Pereiro) // **Penedo** (Soutopenedeo, San Cibrao).-- De *pinnetum*, diminutivo de *pinna* 'pena, rocha'. // Do celta *penn-* 'roca' máis o sufixo *-edo*.

A Penela (Orbán, Vilamarín) // (San Miguel de Campo, Nogueira) // **As Penelas** (Puga, Toén).-- Diminutivos de 'pena', 'pena pequena'. Podería estarse referindo a un pequeno outeiro.

Penouzos (Seixalbo, Ourense).-- Parece un aumentativo de penas.

Os Pensos (l. e p. de Esgos).-- Debe o nome ó río dos Pensos ou río de Esgos que desauga no Loña, cerca dos Gozos.

A Pereira (Santo Eusebio da Peroxa, Coles) // (Viñoás, Nogueira) // **As Pereiras** (Armariz, Nogueira) // **Pereiras** (Santiago da Rabeda, Taboadela).-- Árbore que dá a pera como froito. Lat. *piraria*. Cast. peral.

O Pereiro (Palmés, Ourense) // (Orbán, Vilamarín) // (Santa Mariña de Albán, Coles) // **O Pereiro de Aguiar** (l. de Prexigueiró e C.) // **O Pereiro de Alén** (Prexigueiró, Pereiro) // **Val do Pereiro** (S. Miguel do Campo, Nogueira).-- Pereiro é un tipo de mazaira que da os peros, mazás con forma de pera. Do lat. *pirariu*. // Pero tamén podería ter relación con *petrarium*, de *petra*, *-ae* 'pedra'.

A Peroxa (l. p. e C.) // **A Peroxa Vella** (Graíces, Peroxa) // **Santo Eusebio da Peroxa** (p. de Coles).-- Lat. *patrosa*, 'pedrosa'. Sitio pedroso. ⁽²⁾ ⁽⁷⁾

A Petada (A Touza, Taboadela).-- ¿Trozo pequeno dunha finca?

A Pica (León, Vilamarín) // (Parada de Amoeiro, Amoeiro).-- Pica é palabra común con moitas acepcións, pero podería non referirse a ningunha delas senón a algunha configuración do terreo.

Picouto, **O** (Pazos de San Clodio, San Cibrao).-- Relativo a un pico orográfico alto. Pico ven de bico e este do celta *becus*. ⁽¹¹⁾ Outo é un arcaísmo galego por alto. Só se conserva na toponimia.

Pino, **O** (Antes das Caldas, Ourense).-- Dúas posibilidades: 1, lugar 'pino, empinado, costento'. 2, piñeiro illado. Aínda que en galego a palabra enxebre é piñeiro tamén está documentada 'pino', pero para chegar a ser un pino punto de referencia tiña que ser unha excepción da vexetación do lugar. É dicir, tiña que haber un só (se non sería un piñeiral) o cal non é doado. Navaza Blanco di ó respecto que "Podemos conxectar que os escasos topónimos en que aparece pino han de ser recentes, do XVIII ou posterior ..." ⁽⁸⁾

Pinto, **O** (Vilar de Ordellas, Esgos).-- ¿*villa Pinti* (de *Pintus*)?

O Piñeiral (l. e p. de San Cibrao).-- Abundancial de piñeiro.

O Piñeiro (Piñor, Barbadás) // (San Martiño de Moreiras, Pereiro).-- A coñecida árbore. É crenza xeneralizada que chegou a Galicia no s. XVIII, pero é un topónimo que xa figura na documentación medieval se ben, a maioría, en singular falando de exemplares aillados. ⁽⁸⁾

Piñor (p. de Barbadás).-- < *villa Pinioli* ('finca de Piniolus')

Pioselo (Santa Marta de Moreiras, Pereiro).-- En 1356 é citado como topónimo: “... *que anbos agades de consuu, o noso casal que avemos na vila de Pioselo, o qual chaman Cima de Vila;...*” (San Pedro de Rocas.)

Pobadura (Gustei, Coles).-- Pola forma parece palabra derivada do verbo poboar, como poboamento, pero non atopei nada ó respecto.

A Poboanza (Parada de Amoeiro, Amoeiro).-- O mesmo da anterior.

Pol (l. da p. e C. de Coles).-- De (*Villa Pauli*, ‘(Vila de) Paulus’, nome latino.

Pombal, O (Caldas, Ourense).-- Palabra do léxico común: construción para gardar pombas domésticas. (Do lat. *palumbalem*, “pombal”)

Pombar (San Estevo de Ribas de Sil, Nogueira).-- Variante de pombal, construción para gardar pombas.

Ponte, A / Puente-Canedo (Caldas, Ourense).-- O que hoxe é un distrito importante da cidade de Ourense empezou sendo un pequeno casarío ao pé da Ponte Vella e de aí tomou o nome. Inda que estaba cerca do Ribeiriño, das Tapias ou de Quintián o sitio, en si, non tiña propiamente un nome polo que a xente para referirse a el falaban do “barrio da Ponte”, por estar ó lado da Ponte Vella. (“*Vou a Canedo, ao barrio da Ponte*”). Despois da chegada do ferrocarril comezou a medrar espectacularmente e ese grupo de casas que era un barrio deixaría de selo para converterse na capitalidade do municipio.

Ponte do Val, A (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- Topónimo, en principio, transparente.

O Pontón // O Alto do Pontón (Barbadás, Barbadás).-- Alude a unha ponte pequena (pontón) que hai sobre o Río dos Muíños (mal chamado Barbañica en Ourense).

O Porto (S. Miguel de Canedo, Ourense) // **Porto Amieiro** (Vilamarín, Vilamarín).-- Un porto é un paso de acceso entre montañas.

Portocelos (Parada de Amoeiro, Amoeiro).-- Confeso que non o sei, pero sóname a porto de montaña con referencia aos ceos (*caelum*, -i).

Pousa (Mesón de Calvos, Taboadela) // **A Pousa** (Velle, Ourense) // (Vilarrubín, Peroxa) // (Boimorto, Vilamarín) // (León, Vilamarín).-- Do latín serodio *pausare* ‘parar, cesar, descansar’. Unha ‘pousa’ en tempos medievais era unha casa de campo e recreo, un lugar de repouso.

Pousada (Santo Eusebio da Peroxa, Coles) // (Graíces, Peroxa) // (A Carballeira, Nogueira).-- Os chamados así soen ser lugares elevados onde o terreo descansa, e dicir, é un lugar adecuado para facer unha pousa; un descanso orográfico no medio dun relevo accidentado.⁽⁷⁾ Non ten nada de estraño que nas pousadas (orográficas) erguesen ‘pousadas’ (hospedaxes) para os viaxeiros.

Prado (Alongos, Toén) // **O Prado** (León, Vilamarín) // (Soutopenedo, San Cibrao) // **Prados** (Ribela, Coles) // **Pradobó** (Palmés, Ourense) // **A Porta do Prado** (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense) .--Transparente. Do latín *pratum*.

Pradobó (Palmés, Ourense).-- Aparentemente é unha iustaposición de ‘prado’ e ‘bo’, palabras do vocabulario común.

Prexigueiró (l. e p. do Pereiro).-- Derivado de *persicariu*, a árbore dos pexegos, e máis concretamente dun diminutivo en *-olu*: *prexigueirolo* ⁽⁸⁾.

O Priorato (Bóveda de Amoeiro, Amoeiro).-- Transparente.

Puga (l. e p. de Toén).-- Puga é un dos moitos nomes que ten a planta hipocisto tamén coñecida como apóutiga, póutiga ou pouta, pero non sei se terá relación. (Puga é palabra latina, derivada de *pungere* ‘picar’)

1302: “...e na freguesía de San Momedo de Puga e na freguesía de Santa María de Fiaá ...” (Vida e fala dos devanceiros)
--

Pumar (l. da p. e C. de Taboadela).-- Hoxe, pumar ou pomar, é un lugar de mazairas, pero se o nome é antigo e vén directamente do latín será de *pomarium* ‘verxel, xardín ou horta de froiteiras’.



Quenlle (Feá, Toén).-- Do lat. *canícula* < canale, canal. (Espazo entre 2 alturas cercanas ou canle que conduce a auga para muíños ou regas.)

A Quinta (Sta. Olalla de Esgos, Esgos) // **Quinta do Monte** (Rocas, Esgos) // **As Quintas** (Soutomaior, Taboadela) // (Piñor, Barbadás).-- Probablemente aludan a unha quinta de recreo, anque os lugares máis antigos destes nomes poden vir –segundo o caso- da quinta parte dunha gran herdade ou do pago dunha renda

da quinta parte da colleita dado que o significado foi cambiando ata chegar, simplemente, ó de 'casa de campo con terras'.

Quintás (A Barra, Coles) // **As Quintás** (Rouzós, Amoeiro) // (Reádegos, Vilamarín).-- Plurais de quintas.

Quintela (Calvelle, Pereiro) // **Quintela de Canedo** (Canedo, Ourense) // **Quintela de Velle** (Velle, Ourense).-- (Topónimo, con Quinta, Quintáns, Quintana, etc., moi estendido por Galicia.) Pode aplicarse o dito a propósito de **A Quinta** ou vir do lat. < *quinque-cinque*, "quinta parte do botín", tradición xermánica. Estes 3 levan, ademais, o sufixo diminutivo *-ela*.

Quintían (As Caldas, Ourense).-- Parece vir de (**villa*) (*de*) *Kintilanem*, acusativo do nome xermánico *Kintila*, *-anis* (despois escrito Quintiliano).



A Ra (Boimorto, Vilamarín).-- Probablemente non teña nada que ver coas ras. A forma *Arr-* é un hidrónimo indoeuropeo e pode que aí estea a orixe do topónimo seguida dun fenómeno de deglutinación [Arrá > A Ra]

Rabacido (Vilarrubín, Peroxa).-- Derivado de 'rabaza'. (Ver Rabaza)

A Rabaza de Arriba e **A Rabaza de Abaixo** (Tras Hospital, Ourense).-- A rabaza é unha planta umbelífera que se da en sitios encharcados. É probable que as houbese nestes lugares, non necesariamente nos dous pois ó ser o predicado un mero distintivo ben puido ser un dos topónimos copia do outro. Non está moi clara cal podía ser a especie aludida. Sarmiento di que é o mofo verde das augas. En portugués chámanlle *rabaça* a dúas especies distintas do xénero *Sium*.⁽⁸⁾ // Tamén hai a posibilidade de que sexa un termo de introdución mozárabe, *al-rabad* 'o arrabaldo'.

A Rabeda (Antigo territorio que mantén o nome no 2º elemento das parroquias de Santa Cruz da Rabeda (C. de San Cibrao) e Santiago da Rabeda (C. de Taboadela).-- O nome é un colectivo do ravo común, "Raphanus sativus". En latín *raphanu*.⁽⁸⁾

Rabo de Galo (Couto, Ourense).-- ¿Tería esta forma a alineación do primeiro casarío?

Rairo (l. único da p. dese nome).-- O nome coincide cunha palabra común do galego que se usa para designar unha levada, un canle de auga desde o río ata un muíño ou ata lugares de rega, pero non sei se corresponde. Segundo E. Bande⁽¹⁵⁾ "*indica la raya divisoria, por ello la documentación habla de tres rairos, el de Orense, el de Santa Mariña y el de Seixalbo.*"

Ramirás, Pazo de (Santa Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- Proven do latín **(villam) Ranemiranis*, e dicir 'vila de Ranemirus'.

Ramuín (l. de Viñoás no C. de Nogueira e sobrenome deste Concello).-- Ramuín é unha palabra co mesmo étimo que 'remuíño' só que con una evolución distinta. Neste caso sería *remolino* > *remoín* > ramuín. ⁽¹¹⁾

Rante e **A Cruz de Rante** (ls. de Rante, San Cibrao).—

1447: "outros moradores do dito couto de Piñor e Santa Ougea e Mugares, que eran ausentes et Alvaro de Scarnaboy, juiz do couto de Vilanoua e **Rante**..." (Vida e fala dos devanceiros)

A Raña (Orbán, Vilamarín).-- Terreo alto e de monte pobre. Ou un aparello de pesca.

As Raposas (Loña do Monte, Nogueira).-- Plural de raposa. Habería alí un cubil de raposas.

A Rasa (Vilar de Cerdeda, Nogueira).-- Rasa é derivado de raer. Unha terra rasa será unha terra sen cultivar e de vexetación baixa.

Reádegos (p. de Vilamarín).-- A idea de Reádegos, antes Riadigos, Riaticos e Rivaticos, é a de algo próximo ó río. O que non está claro é cal é ese algo. Tanto se pode referir ós habitantes coma ós campos.⁽¹¹⁾

1201, "...Ad Maria Pelagii filia de Pelagio Munionis de Rodeiro mando ei hereditatem de **Riadigos** que vocatur Quintanas", (Santa María de Oseira)

Rebolar (l. da p. e C de Esgos).-- Abundancial de rebolos, un tipo de carballo (*quercus robur*).

Rebordiños (Vilar de Ordellas, Esgos).-- Derivado diminutivo de 'reboredo', sitio de rebolos (*reboretu*), unha especie do xénero *Quercus*, a dos carballos.⁽⁸⁾

Reboredo (Palmés, Ourense) // (Calvelle, Pereiro) // (Noalle, San Cibrao).-- Topónimo transparente. Lugar poboado de rebolos, unha especie de carballos de tronco pequeno, os *Quercus robur*. Lat. *roburetum*.

A Rectoral (Santiago da Rabeda, Taboadela).-- Transparente. Casa do señor abade.

Redondelle (San Xes da Peroxa, Peroxa).-- Podería vir de *(*villa*) *Rotundelli*, dun hipotético **Rotundellus*.⁽¹²⁾

A Rega (Cudeiro, Ourense).-- Palabra común: acción e feito de regar.

O Rego (Soutopenedo, San Cibrao) // (Sobreira, Vilamarín) // **Regolevado** (Armental, Peroxa).-- Transparentes.

Regoalde (Beiro, Ourense).-- De *(*villam*) *Recoaldi*, ou sexa, ‘vila de Recoaldus’.

Regoufe (Velle, Ourense).-- De (*Villam*) **Rekaulfi*. Xenitivo latino de Rekaulfus, nome xermánico coa raíz *wulg* ‘lobo’.

A Regueira Grande (Vilamarín, Vilamarín) // **As Regueiriñas** (Tamallancos, Vilamarín) // **O Regueiro** (Sta. Olalla de Esgos, Esgos) // (Vilariño, Pereiro) // **Regueiros** (O Río, Vilamarín).-- Transparentes.

A Reguenga (Ribela, Coles) (A Touza, Taboadela) // **Reguengo** (Alongos, Toén) // **O Reguengo** (l. e p. de Vilamarín) // (Rouzós, Amoeiro).-- Herdade pertencente á Coroa.

A Reitoral (Toén, Toén).-- Transparente, aínda que sexa un vulgarismo por rectoral. Casa do señor abade.

Requeixo (Piñor, Barbadás) // (Armariz, Nogueira) // (Faramontaos, Nogueira) // (Loña do Monte, Nogueira) // (S. Miguel de Canedo, Ourense).-- ‘Queixo’ e ‘queixa’ son étimos que designan terreos costentos que rematan en chairas, unha especie de depresións en forma de caixa (do lat. *capsa*). Son “caixas orográficas”. P. Celdrán di que son sempre lugares pouco accesibles polo abrupto do terreo.

Reza (l. e p. de Ourense) // (Carracedo, Peroxa) // **Reza Vella** (Caldas, Ourense).-- Termo alusivo a unhas pesqueiras do río Miño.

Ribadela (Toén, Toén).-- Unha ‘ribada’ é unha porción de terra con certa elevación. ¿Será ribadela un diminutivo seu?

A Ría (Reádegos, Vilamarín).- Ría nos dicionarios só ven na acepción coñecida, pero, coloquialmente, chámalle ría -segundo os sitios- a certas variantes nas ribeiras dos ríos. Pode ser unha encanada para regadío, unha entrada de barcas, etc.

Ribas (Carracedo, Peroxa).-- Do lat. *ripa* ‘ribeira, beira dun río’.

O Ribeiriño (As Caldas, Ourense).-- O Ribeiriño, como se tratase de emular á bisbarra do Ribeiro, sonada pola produción de viños, leva o mesmo nome anque sexa en diminutivo, non sabemos se posto ironicamente polos foráneos ou, con orgullo, polos propios veciños.

Ribela (l. e p. de Coles) // (ISan Xoán de Moreiras, Pereiro).-- Do lat. *ripa* ‘ribeira’ con diminutivo –ela < -*ullus*, -*ulla*.

1346: “que e frigesia de San Migell de Mellees et en **Ribella** et en seu termio que e frigesia de **San Jullao de Ribella** ...”, (Santa María de Oseira)

Ribó (Torán, Taboadela).-- É o mesmo que Riobó (rio bó). Este ven de *rivus bonus* e aquel tamén pero con redución do *rivus* en ri.⁽¹¹⁾

O Río (l. e p. de Vilamarín) // (Sta. Mariña de Albán, Coles).—Transparente. Pódese pensar que as primeiras casas que se obran ó pé dun río sexan coñecidas por este nome, salvo que o sitio xa tivese outro anterior.

Rosairo (Alongos, Toén).-- Nome relacionado con ‘rosario’ (a práctica relixiosa dedicada á Virxe), o cal, á súa vez, pertence ó ámbito de rosa e roseira.⁽⁸⁾

Roupeiro, O (San Martiño de Moreiras, Pereiro).-- < villa de Raupario. Raupario > Raupairo, e logo Roupeiro quizais por derivación popular (buscando un nome coñecido e poñéndolle –en consecuencia- un artigo que non tiña)

Roxomilo (Velle, Ourense).-- Outro topónimo derivado dun nome xermánico latinizado, neste caso Ragemirus (que significaba ‘Sonado Conselleiro’.) O sintagma orixinario (nun latín tardío) sería '(*villa*) **de Ragemiro*'.

Rouzós e A Torre de Rouzós (Rouzós, Amoeiro).:

1397: “o noso casar de Louro, que ias u chaman as Curaes, que he en na frigisia de **san Cibrao de Rouços**,...”. (San Clodio do Ribeiro)

Rozadas (Viña, Vilamarín).-- Terras *ruptiatas*, roturadas ou rozadas [tratamento e preparación de terras]

Sa (Armariz, Nogueira) // **Saa** (San Cibrao de Armental, Peroxa).-- Xermánico *sala*, ‘casarío ou fortín’.



Sabadelle (l. e p. de Pereiro de Aguiar).-- < (*villa*) *Sapatelli*, (finca de) Sapatellus.

1346: "et de Moor Ares que foron moradores en Saohane das Lamas que e en Terra de Aguiar fríigresia de San Martino de **Sabadelle**..." (Santa María de Oseira)

Sabariz (Cornoces, Amoeiro).-- De (*Villa*) *Sabarici*, 'Vila de Sabaricus', nome xermánico.

Saceda (Palmés, Ourense).-- É unha derivación do latín *herba salax*, 'saramago' ⁽¹⁰⁾ // Pola súa parte, 'saramago' (en castelán 'jaramago') deriva, probablemente, do árabe *sarmaq*. // Outros relaciónano con Salceda < lat. *salix*, *salicis*, 'salgueiro' + -eda.

Salceda (Mirallós, Peroxa).-- É o mesmo ca un salgueiral, ou sexa, un grupo de salgueiros, *salix*, *salicis*.

Salgueirós (Vilarrubín, Peroxa).-- Vén de *salicariolo*, dim. de salgueiro. Fálanos de salgueiros pequenos. 'Salgueirolos' con perda do l.

Salto do Can (Aforas do Couto, Ourense).-- Sospéitase que o nome orixinario sería Santo do Can, supoñendo alí unha capela de San Roque, 'o santo do can'.

San ... / Santo ... / Santa ...: Haxiotopónimos. VER "**XENERALIDADES #2**"

Sandamiro (Carracedo, Peroxa).-- Sandamiro, nome romanizado de Sandamirus, xermánico.

Santás (A Touza, Taboadela).-- Podería ser una evolución do nome celta Santanus.

Santigueiro (Vilarrubín, Peroxa).-- Derivado de *senticiariu*. No Dicionario da R.A.E. ven 'senticar' como sinónimo de 'espinar' (espiñado). Posiblemente en galego sexa un mozarabismo que deixou esa pegada na toponimia.⁽⁸⁾

O Santo (Alongos, Toén).-- ¿Lugar dalgunha ermida?

Sas (Beiro, Ourense).-- Escrito Saas antes da normativización, é o plural de 'saa' e este pode ter dúas orixes: do xermánico *saa*, 'sala' ou do tamén xermánico (gótico) *sala*, 'casarío' ou 'fortín'. (Ver o seguinte)

Sas (Untes).-- Este xa se escribía cun só 'a', pero penso que se lle pode aplicar os mesmos posibles étimos do anterior. ¿Ou terá cada un seu? (Ver o anterior)

A Sé (Sta. Mariña de Albán, Coles).-- 'Sé' é a capital dunha diocese, pero non sei a que vén aquí.

A Seara (Torán, Taboadela) // **Seara Vella** (Gustei, Coles) // **A Seara do Río** (A Carballeira, Nogueira) // **A Seara de Arriba** (l. e p. de Nogueira).-- Voz prerromana, probablemente céltica, dun **senāra* que quería dicir exactamente "campo que se labra á parte" (polo prefixo *sen-* que indica 'separación' e *ār* 'arar') e que posteriormente adquiriría o valor de "terra de labradío normalmente adicada a trigo e centeo".

Seixalbo (l. e p., Ourense).-- Lat. *saxum*, "rocha, pena" + *album*, "branco" = Unha pena branca. // Non se pode desbotar a idea de que sexa un composto híbrido do latino *saxum* co prerromano **alb*, 'altura, monte' o que sería unha certa tautoloxía.

Selas (Calvelle, Pereiro).-- Podería ter algo que ver co preindoeuropeo *sel* 'prado para o gando'. // Unha sela é unha 'silla de montar'. ¿Habería algunhas formas na paisaxe que as recordasen? // *Sella*, -ae tamén é o étimo latino que deu 'silla' ¿Poderá ser esa palabra sen evolucionar?

Senón (Mirallós, Peroxa).-- De (*Villa*) *Sennoni*, '(Vila de) Sendón'. Xermánico.

Senra, A (Velle, Ourense).-- Variante do galego equivalente ó máis común 'seara', terreo de sembradura, prerromano 'senara'. (Ver Seara)

Seoane (S. Miguel de Canedo, Ourense) // **Sabadelle**, Pereiro) // (San Xoán de Coles, Coles).-- Haxiotopónimo. É un derivado de *Sanct Iohannis* (San Xoán).

Sequeiros (Gustei, Coles).-- Pode ter dous significados: Secadoiros, lugares preparados para poñer a secar algo, ou terras faltosas de auga, secas.

A Serra (Soutopenedo, San Cibrao).-- Transparente.

A Silva (Sto. Eusebio da Peroxa, Coles).-- O nome ven do latín *silva* 'bosque'. Aquí o que houbo foi unha evolución semántica e hoxe entendemos por silva a silveira (zarza en castelán) pero no seu momento era 'bosque'

Silvoso e Silvosiño (ambos da p. de Santiago da Rábeda, Taboadela).-- Abundanciais de 'silvas'. É unha incógnita se estas 'silvas' teñen o significado inicial (bosque) ou se xa se refiren ó actual. Neste caso serían topónimos relativamente recentes.

Sistís (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- Se Ourense fose zona de seseo este sería un derivado do nome romano Sixtinus pero como non o é, ese suposto tería dado un Sistiz, que, como vemos, non é o caso. E non sei máis. Poseedores con nome *-ricus*, *-rici* dan *-is* / *-iz* segundo sexa zona de seseo ou non. Así, por exemplo, hai un Gomarís en Zas (A Coruña) e un Gomariz en Ourense. Sistís podería ser unha excepción.

Sobrado (San Miguel de Melias, Coles) // (Moura, Nogueira) // (Triós, Pereiro) // **Sobrado do Bispo** (l. e p. de Barbadás).-- Faiado, andar alto da casa. (De *superatum* 'no alto')

Sobral (Gustei, Coles) // **Sobreiral** (Untes, Ourense).-- Lugar de sobreiras. Lat. *suber* 'corcho ou sobreira' + sufixo abundancial *-al* < *-allis*.

Sobreira (l. e p. de Vilamarín).-- A coñecida árbore. Lat. *suber* 'corcho ou sobreira'

Sobreiral, O (Untes, Ourense).-- Palabra común. Abundancial de sobreira, a árbore da cortiza.

Solleira (Carracedo, Peroxa).-- Sitio agarimoso e soleado.

Soutelo (Stas. Olalla de Esgos, Esgos) // (Cudeiro, Ourense).-- Derivado do diminutivo *saltellu*. (No segundo caso é un diminutivo diferenciador porque na mesma parroquia está o 'Souto de Rei'.)

Souto (Amoeiro, Amoeiro) // (Loña do Monte, Nogueira) // (Rante, San Cibrao) // **O Souto** (Melias, Coles) // (Vilarrubín, Peroxa) // (Boimorto, Vilamarín) // (p. da Peroxa).-- Transparente. Do latín *saltus*. **VER**

"XENERALIDADES #1.6"

Souto do Chao (A Carballeira, Nogueira).-- Transparente.

Souto de Rei (Cudeiro, Ourense).-- Suponse que, nun principio, aludiría a una propiedade comunal ("de rei").

O Souto do Río (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- Transparente.

Souto Bravo (Rante, San Cibrao).-- Bravo: souto que só ten renovos.

Soutomaior (l. e p. de Taboadela).-- Transparente.

Soutomanco (Trasalba, Amoeiro).-- O cualificativo de manco ¿aludirá a árbores decotadas?

Soutopenedo (p. de San Cibrao).-- "Souto (do) penedo".

Soutosanín (Tras do Hospital, Ourense).--Do sintagma latino *Souto Sanini* = Souto de Sanninus.

1435: "...et agora o señor abade da Triindá Martín Sanches avya birado a dita vendimia et avya dado ena Balancá, qual se non deuya de dar ata que fose á Carbaleira, e agora andauan en **Souto Sanyn**, por ende que lles requería que lle fosen tirar as vendimadeiras da viña e o pinorasen por la pena, e non lle consentisen que a birasen..." (Vida e fala dos devanceiros)

Soutoverde (Seixalbo, Ourense).-- Tiña que ter algunha característica especial para consideralo verde.

Soutullo de Abaixo (Coles, Coles) // **Soutullo de Arriba** (Gustei, Coles).-- Derivado do diminutivo *saltuculu*. ▲

Taboadela (l., p. e C.).-- Dim. de 'taboada' e esta: p.p. de *tabulare* 'dividir en táboas'. Taboada, aparte da acepción da madeira, pode ser un cacho de herdade que se sementa ou unha determinada medida de terra chan. Nunha destas dúas opcións (quizais na última) debe de estar a intención do topónimo. (2)

Tafona, A (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- Palabra común de orixe árabe, forno de pan.

Táin (San Paio de Albán, Coles).-- De *Villa Tagini* (Vila de Tagino). Tagino ou Taginus é un nome celta (derivado de *tagus*, 'río, charco, fango') que perviviu no tempo ata polo menos o s. XI. (11)

Tamallancos (p. de Vilamarín).-- En 1004 era Tamaliancos. Formado sobre **Tamali-*, posible nome dun río (¿o actual Formigueiro?) a teor da raíz indoeuropea *tam-* máis a partícula *-ancos*, de **ank*, 'combo, curvo'. De ser así, o nome viría a ser "curva ou revolta do Tamali". Hai moitos ríos formados con esa primeira raíz. Tambre, Támeiga, Támesis, ... (11)

Tapias, As (Antes d'As Caldas, Ourense).-- Na Toponimia Galega a palabra 'tapia' (igual ca de 'tapada') soe facer referencia a herdades pechadas. É palabra prerromana e sigue presente en tódolos romances da península inda que o significado non sexa exactamente coincidente.

Tarascón (Antes de Canedo, Ourense).-- Parte duna raíz preindoeuropea *tar-*, que o mesmo pode ser hidronímica como oronímica. Dela deriva seguramente a palabra galega -hoxe en desuso- 'tara' que os dicionarios definen como "relevo rocoso ó que só suben as cabras". Este Tarascón está entre o río Miño e un

monte dese tipo. Hai un Tarascón francés que o parecer está tamén sobre un rochedo ó pé do Rodano. ⁽¹¹⁾

Tarreirigo (p. e C. de Esgos).-- *Tar-* é raíz preindoeuropea co significado de elevación do terreo.

A Telleira (Soutomaior, Taboadela) // (Albán, Coles).-- Lugar de facer tellas. De un derivado do lat. *tegula*, *-ae* 'tella' que puido ser un tardío **teglaria* 'telleira'.

Tibiás (l. e p. do Pereiro).-- < Tivilanis ou Tibianes, nome dun poseedor xermánico ou dun xentilicio. ⁽¹¹⁾

Tiollo, O (Bóveda de Amoeiro).-- ¿ **Tibioculum* > Tiiollo > Tiollo ? Ou alteración do galego 'tollo' (un peixe). ⁽¹¹⁾

Toén (l., p. e Concello).-- Documentado en 1032 como "villa de Tuen". Probablemente derive do nome en latín e xenitivo dun posesor celta, **Tuginius*. A evolución sería: Villa **Tūgēnii* > **Tūgēnii* > Tuén > Toén. ⁽¹¹⁾

A Tolda (A Barra, Coles) // (Reádegos, Vilamarín).-- Poden responder a dúas realidades, incluso ó ser dous, podería ter cada un a súa orixe: Por un lado, significa 'cuberta, lobo, emparrado'. Por outro, 'espazo baixo o muíño onde xira o rodicio'. Vindo desta última acepción tamén cabe a posibilidade, mera conxectura, que tivese outro valor semántico anterior máis amplo, por exemplo, todo o "charco" no que está instalado o muíño ou o conxunto de derivacións de canles que o forman. ⁽¹¹⁾

Toldavia (Orbán, Vilamarín).-- O prefixo *tol-* suxire un hidrónimo ou un orónimo prerromano. Por outro lado, *tol*, segundo o P. Martín Sarmiento, é, nalgúns lugares, unha presa para o rego. Tamén *tolda*, segundo algúns dicionarios, é unha parte do muíño. Nesta acepción o dicionario Frampas localiza, entre outros lugares, precisamente en Vilamarín. Da raíz **awer-*, auga, río, procede o nome do río Avia, e aínda que este non ten nada que ver con este lugar ben poidera ter dado tal nome no pasado a algunha realidade hídrica hoxe esquecida. Por outra parte *toldar/atoldar* é unha palabra da fala común na acepción de alodar un líquido. Se unimos isto último con auga (*avia* < *awer*) teríamos algo como 'auga toldada' ou, mellor aínda, 'tolda auga' ("toldador" de auga).

O Tombo (Covas, Pereiro).-- Orográfico. Do lat. *tumulus* e este dun preindoeuropeo **tumb* 'oco'. Sería unha loma ou elevación que moi ben puidera ter forma de tumba, por exemplo, unha mámoa.

Torán (l. e p. de Taboadela).-- Documentado en 1164 como "villa de Toeran", referido a un poseedor chamado Toirán nun principio, nome que evolucionou foneticamente para dar ó nome actual. ⁽¹¹⁾

Torre, A (Albán, Coles) // (Soutopenedo, San Cibrao) // **A Torre de Rouzós** (Rouzós, Amoeiro).-- Á primeira vista é unha palabra galega do latín *turris*, *-is*. Pero non se pode descartar a posibilidade dunha relación coa prerromana **Tur-* ou **Turr-*, 'fonte, río'. ⁽¹¹⁾

O Torrón (Alongos, Toén).-- Probablemente e ó mesmo ca terrón. Torrón é unha variable viva e real (aínda que non sexa normativa) de terrón, 'cacho de terra compactada'. Tamén, en tempos, foi sinónimo de 'terreo' e podería ser o aumentativo de 'terra', con cambio de xénero incluído (feito que se da no galego). ---

Toubes (p. de A Peroxa).-- Nome de orixe paleoeuropea atestiguado na Idade Media como Touges. Probablemente proceda dunha forma **Taugos* ou **Taugas* relacionada coa idea de fango, lama ou limo. ⁽¹¹⁾

Touza, A (Esgos) e **San Xurxo da Touza** (l. e p. de Taboadela).-- Palabra galega co significado, entre outros, de 'lugar de moito mato'. (Carballeira/bouza, terreo de mato) Tal palabra ten unha orixe prerromana. ⁽¹¹⁾

O Toxedo (San Miguel do Campo, Nogueira).-- 'Lugar de toxos', igual que toxeira ou toxeiro. Palabra galega derivada do lat. *togetum*, formada -á súa vez e igual que toxo- a partir dun prerromano **tōig-io-* ⁽¹¹⁾

Tras do Río (ls. de Albán e de Santo Eusebio da Peroxa, ambos en Coles).-- Formas transparentes ou analíticas seguidoras de *Traslo Rio* (1346) e *Tras el Rio* (1349).⁽¹¹⁾ Refírese ó río da Barra que separa A Peroxa de Coles.

Trasalba (l. e p. de Amoeiro).-- Híbrido do latino *tras* e un indoeuropeo **alb* / **alp*, altura, monte. "Detrás do monte".

Trelle (l. e p., Toén).-- Nome antiquísimo no que pervive unha forma paneuropea *tere-* con algún significado hidronímico ou oronímico. ⁽¹¹⁾

Trellerma (Trelle, Toén).-- A mesma palabra que Trelle aglutinada co galego 'ermo', concordando en feminino con Trela. ⁽¹¹⁾

Triós (p. -San Pedro- de Esgos e l. e p. -tamén San Pedro- de O Pereiro de Aguiar).-- Por distintos escritos está establecida a secuencia das súas evolucións fonéticas: Tredones (ano 942 e outros) > Trioes > Trioos >

Triós. Tredones é, probablemente, un xentilicio celta derivado do nome dun devanceiro desa etnia, que podería ser, quizais, 'Tredio'. ⁽¹¹⁾

Turbisquedo (O Souto, Peroxa).-- Derivado do nome de planta 'trovisco'. Esta á súa vez ven do lat. hispánico '*turbiscus*', derivada de *turbiscare*, 'envenenar a auga dos ríos'. (En castelán é 'torvisco'.)

Turei (Beiro, Ourense).-- Da expresión latina **(villam) Toderedi*, 'vila de Toderedus'.

Turzavella (O Souto, Peroxa).-- Nome composto e híbrido formado por unha palabra de orixe paleoeuropea, *Turza-*, e outra latina/galega, 'vella'. O 1º compoñente probablemente sexa derivación dun orónimo prerromano, **Turkia*, aínda que tamén podería ser derivada do hidrónimo (igualmente de orixe paleoeuropeo) **Turtia*. En A Rioja hai tamén unha aldea chamada Turza situada en terreo montañoso. (Por alí pensan se o nome virá do vasco. Por aquí, non.) ⁽¹¹⁾



O Val (A Carballeira, Nogueira) // (Santa Cruz de Arrabaldo, Ourense) // (San Xes da Peroxa, Peroxa) // (León, Vilamarín) // **Val do Pereiro** (San Miguel do Campo, Nogueira) // **Val do Regueiro** (Cudeiro, Ourense) // **Val dos Gozos** (Cudeiro, Ourense) // **A Ponte do Val** (Santa Cruz de Arrabaldo, Ourense).-- Transparente ou case. Val é o berce dun río, pero –en moitas partes, en toponimia- tamén pode ser o río en si. Isto fai pensar que é posible que así fose historicamente .

Val da Gola (Cudeiro, Ourense).-- Castro primitivo. Gola é un paso de montaña. (No levante peninsular é un paso acuático.) // Existiron os nomes xermánicos Golinus e Gollia ¿Terían algunha relación con este determinante?

Valdoasno (Armariz, Nogueira).-- Aludiría a un hipotético val ou río Asno que non sei se o hai ou se o houbo.

Valdolide (Vilar de Astrés).-- Podería ser como Valladolid a pesar de que para este non se poñan de acordo os tratadistas. Os máis propugnan un árabe < *Balad al-Walid* , "Lugar de Walid". Neste caso as evolucións serían: Castelán: baladwalid > baladulid > Valladolid. Galego: baladwalid > baladulide > Valdolide. // E. Bascuas propón Vallis Oliti (documentado no caso de Valladolid en 1143 como Ualledolit), e decir, Val de Olitus, que daría en galego este Valdolide. En Galicia hai, cando menos, outros dous lugares con este nome: un no Concello de Touro (A Coruña) e outro no da Pobra do Brollón (Lugo)

Valdorregueiro (Cudeiro, Ourense).-- Transparente e redundante.

Valenzá, A (l. e p. de Barbadás).-- De (*Villa*) *Vallentiana*. *Vallentiana* é adxectivo de *Vallentius*, nome latino.

Valiñas (Pazos de San Clodio, San Cibrao).-- Diminutivo de val. Unha valiña é un val pequeno, quizais chamado así, en feminino, por connotacións afectivas.

Varalongo (Viñoás, Nogueira).-- En preindoeuropeo a raíz **war* denota auga. ¿Podería ser un nome composto que evolucionase (ou se traducise) por partes pero que quixese dicir río-longo?

Veiga (Noalla, San Cibrao) // **San Benito da Veiga** (Sabadelle, Pereiro).-- Palavra común de moita antigüidade, probablemente dun prerromano *baika* 'terreo regable e as veces anegado', que á súa vez ven de *inai* 'río' (que inda é hoxe así en vasco) ⁽²⁾

Velle (l. e p., Ourense).-- De (*Villam*) *Belii* = (Vila de) Belius. Nome xermánico.

A Venda (San Martiño de Moreiras, Pereiro) // (Soutopenedo, San Cibrao) // **A Venda Nova** (Mesón de Calvos, Taboadela) // **A Venda do Río** (Santiago da Rabeda, Taboadela) // **As Vendas** (Vilar de Ordellas, Esgos).-- Antigas vendas ou pousadas nos camiños. Do lat. *vendita*, do verbo *vendere* 'vender'. Determinados establecementos situados ás beiras dos camiños nos que se vendían cousas ampliaron a súa actividade a dar pousada, pero quedoulles o primeiro nome de vendas.

Ventosela (Melias, Pereiro).-- Parece saído do adxectivo *ventosa*, der. do latín *vēntu* 'vento'⁽⁷⁾, pero poidera non ter nada que ver co vento senón co nome celta Ventus.

Ver de Cima // **Ver de Fondo** // **Ver de Miogo** (3 ls. da p. de Armariz, Nogueira).-- Ó menos un deles debe de vir de (*Villa*) *Valerii*, e dicir, '(Vila de) Valerius', nome latino. *Valerii* > Valeri > Vaer > Ver. (Ou doutro nome, *Verus*, xenitivo *Veri*.⁽⁷⁾) Os outros, posteriores, identificaríanse co primeiro, pero con outro complemento.

Veredo (O Mesón de Calvos, Taboadela).-- ¿Será similar a 'verea'? Verea (en castelán vereda) formouse do baixo latín *vereda*, pero esta, á súa vez, derivaba de *veredus*, 'cabalo de posta'. ¿Virá de aí directamente?

A Vila (Toubes, Peroxa).-- Latín *villa*, primeiramente unha 'casa de campo ou granxa', máis tarde unha aldea e, logo, alá polos séculos XII e XIII, unha poboación máis grande, xeralmente con algúns privilexios recoñecidos.

VER "XENERALIDADES #1.4B

Vilaboa (Parada de Amoeiro, Amoeiro) // (Santa Mariña de Albán, Coles) // (Sabadelle, Pereiro) // (Carracedo, Peroxa).-- Composto transparente.

Vilaescusa (Valenzá, Barbadás).-- Do lat. tardío *absconsus* 'escondido, oculto'. [abscosa > ascusa > escusa]

Vilamaior (Carracedo, Peroxa).-- Composto transparente.

Vilamarín (l., p. e C.).-- De *Villa Marinii* (Finca de Marinus). Vilamarín, ou Vila Marini, apunta ó nome suevo dun posuidor.

Vilanova (A Barra, Coles) // (Ribela, Coles) // (A Carballeira, Nogueira) // (San Miguel de Canedo, Ourense) // (Peroxa, Peroxa) // (Soutopenedo, San Cibrao).-- Composto de dous sonidos latinos e galegos.

Vilar (Vilar de Cerreda, Nogueira) // (Prexigueiró, Pereiro) // (Triós, Pereiro) // (San Xes da Peroxa, Peroxa) // (l. da p. e C. de Taboadela) // (Orbán, Vilamarín) // **Vilar da Barra** (Ucelle, Coles) // **Vilar de Carracedo** (Carracedo, Peroxa) // **Vilar de Corbelle** (Gual, Peroxa) // **Vilar de Ordelles** (l. e p. de Esgos) // **Vilar de Astrés** (l. e p. de Ourense) // **O Vilar** (l. da p. e C. de Toén).-- Procede do latín *villaris* e designa un conxunto limitado de casas.-- VER "XENERALIDADES #1.4a"

Vilariño (l.e p.de Pereiro) // (O Castro de Beiro, Ourense).-- Diminutivo galego.

Vilarello (Toubes, Peroxa).-- Outro diminutivo. Na mesma parroquia hai un 'A Vila'.

Vilarchao (Sto. Eusebio da Peroxa, Coles) // **Vilarchao** (Calvelle, Pereiro).-- Composto co adxectivo galego chao (normativo chan).

Vilarnaz (Melias, Coles).:

1361: "morador en o dito lugar de Gostey presentes et outorgantes meus fillos Johan Estevees clerigo reytor da iglesia de **Vilarnaz** ..." (Santa María de Oseira)

Vilarrubín (l. e p. de A Peroxa).-- De *Villa Rubinii* , (Vila ou finca de Rubinus).

Vilasuxá (Moura, Nogueira).-- Suxá quere dicir 'arriba, no alto'. É un derivado do adverbio *sursum*, a través de *sursana*.

Vilasusá (O Souto, Peroxa).-- Supoño que o mesmo, pese ó cambio de grafía.

Vilerma (Graíces, Peroxa).-- ¿Será 'Vila erma'? ('Erma' referido a unha vila quere dicir despoboadada ou con menos habitante dos que tiña).

Vilouriz (Loña do Monte, Nogueira).-- < *Villa Honorici*, 'Vila de Honoricus'. Ver Ouriz

Vinteún, O (Antes de Cudeiro, Ourense).-- Este lugar, hoxe urbano, en tempos –cando Canedo era Concello-pertencía á parroquia de Cudeiro, pero moi cerca da parroquia das Caldas e do lugar de A Ponte, e nel –nun gran campo- celebrábase unha feira de gando tódolos días 21 de cada mes. A expresión "o campo da feira do vinteún" foi sufrindo elipses ata quedar reducida a 'O Vinteún'.

Viña (p. –San Román- de Vilamarín).-- En principio é transparente: terreo dedicado ó cultivo da uva, '*vitis vinifera*'. Sen embargo non se pode descartar unha posible relación con Vinia, un nome celta.

A Viñoá (Cudeiro, Ourense) // **Viñoás** (l. e p. de Nogueira).-- Diminutivos de 'viña'. Latín *vineola*. O sufixo latino –*ola* deu tres resultados distintos en Galicia: -os, -o e, nesta comarca, –oá.

Os Viros (Tras Hospital, Ourense).-- Probablemente proceda do paleoeuropeo **wer* 'auga, chuvia, río'. ⁽¹¹⁾

Viso, O (Cudeiro, Ourense).-- Palabra galega inda que hoxe sexa pouco usada. Do lat. *visus*, 'viso, lugar alto e con boas vistas', como efectivamente é este viso / Viso.

Vista Fermosa (l. e p., Ourense).-- Transparente e laudatorio.



Xaravedra (Os Pensos, Esgos).-- Podería vir do sintagma *senara vetera*, seara vedra, seara vetusta.

Xestosa (l. e p. de Toén).-- Procede do vocabulario común ou do latín. En calquera dos casos é lat. *genista* + o sufixo abundancial –*osus*, –*osa*. 'Lugar de xestas'

Xociños (l. da p. e C. de Taboadela).-- De (*Villa*) *loaccini*, '(Vila de) loacinus', nome hebreo latinizado.

Xubande (Sabadelle, Pereiro).-- De (*Villa*) *lubandi*, '(Vila de) lubandus', nome latino.

Zaín (Seixalbo, Ourense).-- Dun (villam) *Zanini ou *Zaninui, xenitivo de *Zaninus.

A Zamorana (Pazos de San Clodio, San Cibrao).-- É crenza xeral que se refire a unha venda rexida por unha zamorana.

Zumento (A Carballeira, Nogueira).-- Zumento é algo que ten zume, que zumega. Pero ¿que? ¿Será, acaso, un terreo que zumega auga?



NOTAS:

- (1) Pascual Madoz Ibáñez.-- "Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar". 1845-1850
- (2) J. L. Pensado, "F. M. Sarmiento: Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega", 1998
- (3) Fernando Fulgosio, "Crónica de la Provincia de Orense", 1866
- (4) José-Santiago Crespo Pozo. "Nueva contribución a un vocabulario Castellano-Gallego", 1982
- (5) J. Almeida e A. Sampaio (Dicionários Editora).-- "Diccionario da Lingua Portuguesa", 1981
- (6) Pancraccio Celdrán, "Diccionario de topónimos españoles y sus gentilicios", 2009
- (7) Fernando Cabeza Quiles, "Toponimia de Galicia", 2008
 "Os nomes da terra", 2000
 "Os nomes de lugar", 1992
- (8) Gonzalo Navaza Blanco, "Fitotoponimia galega", 2006
- (9) Julio da Conceição Fernandes (Diccionarios Cuyás).-- "Diccionario Portugués-Español",
- (10) Abelardo Moralejo Laso, "Toponimia gallega y leonesa", 1977
- (11) Edelmiro Bascuas. "Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia." 2006"
 "Estudios de hidronimia paleoeuropea europea", 2002
- (12) Paulo Martínez Lema, "A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas ...". 2010
- (13) Josep M. Albaigès, Jose Maria Albaiges Olivart, "Diccionario de nombres de personas", 1993
- (14) Eligio Rivas Quintas, "Frampas. Contribución al Diccionario Gallego", 1978
- (15) Enrique Bande Rodríguez, "Orense hace cien años", 1986

(Para volver pulsa Alt + frecha esquerda)

OUTROS:

Universidade de Vigo.- Recursos integrados da Lingua Galega.- <http://webs.uvigo.es/sli/recursos.html>
Joan Coromines, "Breve diccionario etimológico de la lengua castellana", 1961
Antón Santamarina, Voz "Toponimia" en "Gran Enciclopedia Gallega", 1974
Edward A. Roberts e Bárbara Pastor, "Diccionario etimológico indoeuropeo de la lengua española", 2007